



MEMORIA FINAL Inspector: Elisardo López Varela

Curso escolar
2022/2023

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

ESQUEMA/ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA MEMORIA	3
1.1.	Introdución	3
1.2.	Contextualización	4
1.2.1.	Postos de traballo	4
1.2.2.	Cargos directivos e de coordinación	4
1.2.3.	Composición e Comisións no seo do Consello Escolar	5
1.2.4.	Alumnado e peculiaridades	5
1.2.5.	Tipoloxía do centro	5
1.2.6.	Contexto sociolingüístico	6
2.	OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL E GRAO DE CUMPRIMENTO	6
2.1.	Obxectivos propostos	6
2.2.	Grao de cumprimento dos obxectivos	9
3.	INCIDENCIAS XURDIDAS AO LONGO DO CURSO	9
4.	XORNADA LECTIVA	9
5.	MOBILIDADE FUNCIONAL DO PROFESORADO	9
6.	EFICACIA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	10
6.1.	Equipo directivo	10
6.2.	Consello Escolar	10
6.3.	Claustro de profesores	11
6.3.1.	Comisión de Coordinación Pedagóxica	12
6.3.2.	Equipos de ciclo e equipos de nivel	13
6.3.3.	Equipo de actividades complementarias e extraescolares	13
6.3.4.	Equipo de Dinamización da Lingua Galega	13
6.4.	Persoal de administración e servizos	14
7.	MEMORIAS	14
7.1.	Memoria de Educación Infantil	14
7.2.	Memoria do primeiro e segundo cursos de Primaria	21
7.3.	Memoria do terceiro e cuarto cursos de Primaria	28
7.4.	Memoria do quinto curso de Primaria	33
7.5.	Memoria de sexto curso de Primaria	36
7.6.	Memoria do equipo de dinamización da lingua galega	41
7.7.	Memoria de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe	46
7.8.	Memoria do equipo de actividades complementarias e extraescolares	56
7.9.	Memoria anual da comisión de convivencia	63
8.	PROXECTOS	66
8.1.	Proxecto de dinamización da biblioteca escolar	66
8.2.	Proxecto lingüístico	70
8.3.	Proxecto centro plurilingüe e plurinfantil	71
8.4.	Plan TIC	72
8.5.	Proxecto atrévete	72
8.6.	Plan Dixital	73
8.7.	Plan Proxecta	73
8.8.	Programa de formación OBSERVA_ ACCIÓN	73
9.	PLAN LECTOR	74
10.	DEPORTE ESCOLAR	74
11.	SIMULACRO DE AUTOPROTECCIÓN	75
12.	XORNAL ESCOLAR	75
13.	SANIDADE	75
14.	PROGRAMA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL E FONDO SOLIDARIO	75
15.	SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS	76
15.1.	Comedor escolar	76
15.2.	Datos referenciais	76
15.3.	Transporte escolar	76
16.	AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE TERCEIRO DE PRIMARIA	77
17.	COLABORACIÓN DO CONCELLO DE CERCEDA	77
18.	PROPOSTAS DE MELLORA PARA INCLUÍR NA PROGRAMACIÓN DO VINDEIRO CURSO	77
18.1.	Educación Infantil	77
18.2.	Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe	78
18.3.	Actividades Complementarias e extraescolares	79
18.4.	Proxecto de dinamización da biblioteca	79
18.5.	Plan TIC	80

MEMORIA CURSO 2022/2023

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA MEMORIA

1.1. INTRODUCCIÓN

A finalidade da presente memoria é a de iniciar un proceso de reflexión que nos permita avaliar o funcionamento do centro, cada un dos programas e actividades levados a cabo e os resultados acadados ao finalizar o curso.

Durante o mes de setembro elaboramos a Programación Xeral Anual na que planificamos as actividades educativas, estruturamos os horarios, o Proxecto Educativo, a concreción curricular e as distintas Programacións. Ao rematar o curso, debemos avaliar, polo tanto, o grao de cumprimento desa Programación, recollendo as súas conclusións máis relevantes.

O contido da MEMORIA recolle a valoración de cada un dos aspectos planificados na PXA, propoñendo actividades de mellora que serán plasmadas na PXA do curso académico 2023/2024, estruturándose nun proceso que servirá para mellorar, de xeito coherente, o funcionamento do noso centro.

Impulsada e coordinada polos órganos de goberno e de coordinación docente, preséntase a MEMORIA ante os órganos colexiados que informarán e/ou aprobarán os seguintes aspectos:

CONSELLO ESCOLAR:

- ★ Grao de cumprimento global da Programación Xeral Anual.
- ★ Desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares propostas.
- ★ Eficacia na xestión dos recursos.

- ★ Evolución do rendemento escolar do alumnado así como a eficacia na xestión dos recursos, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que competen ao claustro de profesores.

CLAUSTRO DE PROFESORES:

- ★ Grao de cumprimento da concreción curricular e das Programacións.
- ★ Proceso de ensinanza e a evolución do rendemento escolar do centro.
- ★ Aspectos docentes incluídos no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

1.2.1. POSTOS DE TRABAJO

- ★ 2 de educación infantil.
- ★ 4 de educación primaria.
- ★ 5 especialistas: Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Inglés, E. Musical e E. Física.
- ★ 1 profesora de Relixión Católica compartida co CEIP Vicente Otero Valcarcel e o CEIP de Tabeaio.
- ★ 1 coidador a tempo completo.
- ★ O director.
- ★ 1 orientadora compartida co noso centro de adscrición.
- ★ 1 auxiliar de conversa compartida co IES de Viós en Abegondo.

1.2.2. CARGOS DIRECTIVOS E DE COORDINACIÓN

- ★ Director.
- ★ Secretario.
- ★ Un coordinador de Educación Infantil.
- ★ Un responsable do Equipo Docente de 1º e 2º de Educación

Primaria.

- ★ Un responsable do Equipo Docente de 3º e 4º de Educación Primaria.
- ★ Un responsable do Equipo Docente de 5º e 6º de Educación Primaria.
- ★ Un coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- ★ Un coordinador TIC.
- ★ Un xefe do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e responsable da Biblioteca.
- ★ Comisión de Coordinación Pedagóxica.

1.2.3. COMPOSICIÓN E COMISIÓNS NO SEO DO CONSELLO ESCOLAR

- ★ 7 membros (a renovación parcial tivo lugar en decembro de 2022).
- ★ Comisión Económica.
- ★ Comisión de Convivencia.



1.2.4. ALUMNADO E PECULIARIDADES

- ★ Total alumnado: 98
- ★ Peculiaridades do alumnado:
 - Un alumno estranxeiro incorporado á metade do curso.
 - En torno a un 2% de alumnado con NEE.

1.2.5. TIPOLOXÍA DE CENTRO

- ★ Situado en área rural dentro do Concello de Cerceda.

1.2.6. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO



2. OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL E GRAO DE CUMPRIMENTO DOS MESMOS

2.1. OBXECTIVOS PROPOSTOS

Os obxectivos marcados na Programación Xeral foron os seguintes:

- ★ Potenciar no alumnado o equilibrio, a autonomía persoal e o sentido da responsabilidade.
- ★ Espertar no alumnado valores e actitudes positivas.

- ★ Impulsar o coñecemento do inglés en Educación Infantil e en Educación Primaria.
 - ★ Responsabilizar ao alumnado no coidado do seu centro e do contorno.
 - ★ Lograr a integración do alumnado con necesidades educativas específicas.
 - ★ Dinamizar a biblioteca e ampliar a súa versatilidade funcional.
 - ★ Acercar a informática ao alumnado e aproveitar as súas vantaxes para afianzar os obxectivos e contidos nas áreas seguintes de Educación Infantil:
 - Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
 - Coñecemento do contorno.
 - Linguaxes: comunicación e representación.
 - Lingua estranxeira - Inglés.
- E nas seguintes áreas de Educación Primaria:
- Matemáticas.
 - Lingua Castelá e Literatura.
 - Lingua Galega e Literatura.
 - Lingua estranxeira - Inglés.
 - Ciencias da Natureza.
 - Ciencias Sociais.
 - Educación Artística.
 - Educación Física.
- ★ Realizar, ao longo do curso escolar e de cara ao curso que ven, diversas actividades relacionadas coas probas de avaliación individualizada de carácter censual, destinadas ao alumnado de cuarto de educación primaria.
 - ★ Aplicar o Proxecto Educativo do Centro informado polo Claustro, avaliado positivamente polo Consello Escolar, e aprobado pola dirección do centro con data do 20 de setembro de 2021.

- ★ Aplicar as Programacións Didácticas do Centro, nas que se deberán incluír os obxectivos, competencias clave, contidos, liñas metodolóxicas, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e programas e actuacións que recollen os currículos de Educación Infantil (Decreto 150/2022, do 8 de setembro, DOG DO9/09/2022) e Primaria (Decreto 105/2014 do 04 de setembro de 2014 DOG do 09/09/2014 para os cursos segundo, cuarto e sexto e Decreto 155/2022 do do 15 de setembro, DOG do 26/09/2022, para os cursos primeiro, terceiro e quinto).

- ★ Aplicar o Proxecto Lingüístico de Centro avaliado polo Consello Escolar na reunión levada a cabo o día 24 de setembro de 2018, tendo en conta as renovacións especificadas no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, así como a adenda que se inclúe no presente documento tal como se especifica no punto 4 do citado Decreto, avaliada positivamente polo Consello Escolar con data do 23 de setembro de 2019.

- ★ Aplicar o Plan Lector Anual aprobado polo Claustro de Profesores con data do 02 de setembro de 2022.

- ★ Aplicar o Plan TIC aprobado polo Claustro de Profesores con data do 02 de setembro de 2022.

- ★ Aplicar a concreción do Plan Anual de Atención á Diversidade, seguindo as directrices do artigo 11.4 do Decreto 229/2011 e o artigo 74 da Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve. Dito Plan Xeral foi aprobado polo Departamento de Orientación con data do 2 de setembro de 2022.

- ★ Aplicar o Plan de Acción Titorial aprobado polo Claustro de Profesores con data do 02 de setembro de 2022.

- ★ Continuar co Plan Plurilingüe na materia de plástica co alumnado de Primaria.

- ★ Continuar co programa de Plurinfantil nos tres cursos de Educación Infantil cunha sesión semanal por grupo, tal como figura no proxecto aprobado.

2.2. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

O Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro, en reunión celebrada o día 28 de xuño de 2023, e o Claustro de Mestres, en reunión mantida na mesma data, así como o equipo directivo, consideran que os obxectivos xerais propostos na PXA acadáronse dun xeito amplo, facendo unha valoración positiva de todas as actuacións emprendidas ao longo do curso para a súa consecución.

Nos diferentes apartados da MEMORIA queda constancia do grao de cumprimento destes obxectivos en cada un dos ámbitos que configuran o funcionamento do centro.

3. INCIDENCIAS XURDIDAS AO LONGO DO CURSO

As clases desenvolvéronse presencialmente pero mantivemos ao longo do curso sesións de ensino non presencial a través da Aula Virtual do centro. Tivemos unha baixa significativa que foi cuberta con persoal substituto.

Así mesmo, a plaza de Pedagogía Terapéutica foi cuberta por un mestre substituto no primeiro trimestre pola incorporación da mestra titular ao programa Raogal.

A finais do último trimestre foi nomeado un novo director e secretaria accidentais por falecemento do director titular.

4. XORNADA LECTIVA

Os beneficios acadados con este tipo de xornada son moi significativos e, por suposto, cualitativa e cuantitativamente mellores que os acadados coa xornada partida.

5. MOBILIDADE FUNCIONAL DO PROFESORADO

Unha mestra definitiva de infantil, foi substituída por unha interina no primeiro trimestre e ésta, a súa vez, foi substituída por outra substituta ao final do segundo trimestre. Ao comezo do terceiro trimestre, volveu a mestra interina.

O director foi substituído ao final do terceiro trimestre por falecemento. Dito falecemento fixo que o secretario do centro pasara a ser nomeado director accidental e a mestra de 3º de Primaria pasase a ser secretaria.

A mestra de relixión comparte docencia con dous centros. Un en Carral e outro en Tabeaio.

Así mesmo, contamos cunha orientadora adscrita ao noso centro con destino no CPI O Cruce.

6. EFICACIA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.1. EQUIPO DIRECTIVO

Durante o curso os membros do Equipo Directivo mantiveron as súas habituais reunións de coordinación, os luns de modo ordinario, e todas as que foron necesarias con carácter extraordinario.

O labor do equipo foi valorada de forma positiva por todos os compoñentes da Comunidade Educativa.

6.2. CONSELLO ESCOLAR

Realizáronse un total de:

- ★ 5 Consellos Escolares ordinarios e 5 extraordinarios.
- ★ 4 Xuntanzas da Comisión Económica.
- ★ 4 Xuntanzas da Comisión de Convivencia (unha delas de urxencia)

Os temas máis importantes tratados tiveron relación cos seguintes puntos:

- ★ Avaliar a Programación Xeral Anual e aprobar a Memoria Final como consecuencia da entrada en vigor das súas novas competencias especificadas na LOMLOE.
- ★ Obras e melloras do centro e aproveitamento de recursos.
- ★ Organización das distintas actividades complementarias.
- ★ Aprobación do Estado de contas de gastos de funcionamento.
- ★ Necesidades do centro.
- ★ Aprobar os proxectos e as normas aos que se refire a LOE e a LOMLOE.
- ★ Aprobación de menús.
- ★ Decidir sobre a admisión de alumnos.
- ★ Reunións trimestrais da Comisión de Convivencia.
- ★ Decidir sobre o alumnado que vai facer uso do servizo complementario de comedor escolar.
- ★ Actividades relacionadas coa ANPA.

Estas reunións desenvolvéronse cun grao de acordo absoluto nas decisións adoptadas, constatándose un alto grao de participación e satisfacción de todos os seus compoñentes pola marcha xeral do centro. No seo do Consello Escolar funcionaron dúas comisións:

- ★ Comisión Económica.
- ★ Comisión de Convivencia.

6.3. CLAUSTRO DE PROFESORES/AS

Reuniuse para debater e decidir sobre os temas que posteriormente se abordaron no Consello Escolar, ademais de estudar os temas que forman parte das súas funcións.

No presente curso tiveron lugar:

- ★ 5 Claustros de carácter ordinario.

- ★ 4 Claustros extraordinarios.

Todas as reunións desenvolvéronse nun ambiente de colaboración entre os distintos compoñentes do mesmo.

O profesorado traballou integrado nos Órganos de Coordinación Docente: Comisión de Coordinación Pedagóxica e Equipos Docentes. Ademais os titores e titoras desenvolveron o seu traballo en estreita colaboración co mestre de Pedagogía Terapéutica, así como co mestre de AL e a orientadora compartida co CPI O Cruce.

6.3.1. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Dinamizadora de toda a actividade pedagóxica do centro, desenvolveu as funcións que lle outorgan as Normas de Organización e Funcionamento. As súas actuacións quedan reflectidas nas actas das sesións levadas a cabo todos os terceiros luns de mes, das que destacamos:

- ★ A organización do traballo para elaborar o Plan de Acción Titorial.
- ★ O seguimento do apoio ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- ★ A supervisión dos criterios para realizar as adaptacións curriculares ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- ★ Propostas para a elaboración da PXA, a evolución das aprendizaxes e o proceso de ensinanza.
- ★ O seguimento e a valoración das actividades previstas na PXA.
- ★ O estudo das propostas da Comisión de Actividades Complementarias e Extraescolares para ser trasladadas posteriormente aos Equipos Docentes.
- ★ O grao de satisfacción manifestado polos membros da C.C.P. o calificamos de alto, realizándose todas as reunións programadas, con puntual asistencia de todos os seus membros.

- ★ Os acordos acadados foron transmitidos aos distintos cursos a través dos/as coordinadores/as e as tarefas encomendadas foron realizadas segundo o previsto.

6.3.2. EQUIPOS DE CICLO E EQUIPOS DE NIVEL

Gozan de ampla participación e o seu funcionamento valorámolo, ao longo do curso, como moi satisfactorio.

As reunións periódicas realizáronse os primeiros luns de mes, de xeito habitual, celebrando ademais todas as necesarias de modo extraordinario. Nelas tratáronse temas pedagóxicos e organizativos que afectaron aos distintos cursos ou a todo o colexio, sendo os principais os seguintes:

- ★ Distribución dos recursos humanos para realizar os apoios ao alumnado con problemas de aprendizaxe, propostas realizadas pola Comisión de Actividades Extraescolares, actividades propostas polo Equipo responsable da biblioteca, decisións sobre agrupamentos, elaboración do Plan de Acción Titorial, reflexións para a Memoria e propostas de mellora, etc.

Queda constancia dos acordos tomados nas actas cubertas polos coordinadores dos correspondentes Ciclos e Equipos Docentes. Estes foron os encargados, así mesmo, de facer o seguimento do grao de cumprimento dos diferentes acordos.

6.3.3. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As reunións tiveron carácter mensual, sen data concreta, para tratar asuntos referentes ás actividades a levar a cabo, tal como se describen na memoria específica.

6.3.4. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

As reunións periódicas realizáronse os segundos luns de mes, de xeito habitual, celebrando ademais todas as necesarias de modo extraordinario.

Todos os membros do equipo participaron activamente na organización e desenvolvemento das *festas institucionalizadas*, así como en *distintas exposicións temáticas* e na confección do *xornal escolar*, publicado en formato impreso e dixital.

Na memoria descritiva e gráfica desglósanse as actividades levadas a cabo, así como a avaliación das mesmas.

6.4. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Todo o persoal: conserxe e limpiadoras, están plenamente integrados no centro destacando polas súas iniciativas, polo seu compromiso no bo funcionamento escolar e pola calidade do seu traballo.

7. MEMORIAS

7.1. MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL

No presente curso 2022/2023 estiveron escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil un total de 30 alumnos/as distribuídos en dúas unidades, do seguinte xeito:

- ★ Aula de 4º E.I. 5º E.I.: 10 alumnos en 4º e 8 en 5º
- ★ Aula de 6º E.I.: 12 alumnos/as.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

A comezos do curso programouse o período de adaptación para o alumnado de 3 anos que se incorporaba por primeira vez ao centro, convocándose antes de empezar as clases unha reunión coas familias para explicar dito proceso e dar as pautas de actuación.

MESTRES ESPECIALISTAS

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

Ademais das respectivas titoras, o alumnado de E.I. contou durante todo o curso coa presenza dos mestres especialistas, impartindo as súas clases do seguinte xeito:

- ★ Unha sesión semanal de Psicomotricidade.
- ★ Unha sesión semanal de Relixión Católica.
- ★ Unha sesión semanal de Plurininfantil.
- ★ Unha sesión semanal de Conto/Vídeo.
- ★ Tres sesións de Inglés de 25 minutos cada unha, repartidas en días alternos: luns, mércores e venres.

Cabe destacar que o mestre de Pedagogía Terapéutica realizou apoios en 6º de EI e o mestre de Audición e Linguaxe realizou apoios nos 3 cursos.

OBXECTIVOS

En liñas xerais considéranse acadados os obxectivos propostos a principio de curso para cada un dos niveis e por suposto, tamén os de final de ciclo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E SAÍDAS

1º trimestre:

- ★ FESTA DO OUTONO (12 de novembro): celebrando conxuntamente o Magosto e o Halloween. Mestres e alumnos podían vir caracterizados. Houbo degustación nas aulas de castañas asadas e chocolate quente. Tamén nas aulas se fixeron xogos e actividades lúdicas acordes coa celebración.
- ★ DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. O 25 de novembro colaboramos na montaxe dun mural conxunto de todo o colexio para conmemorar este día. Cada clase elaborou o seu propio.
- ★ CELEBRACIÓN DO NADAL: os rapaces/as recibiron a visita de Papá Noel o 21 de decembro. Tamén se entregaron os premios do concurso de postais de Nadal, este ano elaboradas nas casas en familia.

★ FESTIVAL DO NADAL. Representación conxunta de todos os nenos de infantil para o Festival do Nadal. A representación terá como nome “Bombeiros a Belén”.

2º trimestre

★ DÍA DA PAZ (14 de xaneiro): fíxose un mural colectivo co título SOMOS PAZ. A cada titoría repartíraselle a silueta da parroquia de Cerceda que lle tocou traballar. Nesa silueta elaborárase do xeito que se queira e coa técnica que se prefira o que representa o título SOMOS PAZ.

★ DÍA DA AMIZADE (14 de febreiro): estaba previsto a celebración de CONCERTASSO NA HORTA a cargo de Brais das Hortas, pero finalmente, por causas alleas ao centro, non se realizou.

★ SEMANA DO ENTROIDO (semana do 13 de febreiro): mandadiños do entroido, dos que se avisará con tempo para informar á rapazada e ás familias, o xoves degustación de doces de entroido e o venres desfile polo pobo se non chove.

★ PASARRÚAS (17 de febreiro-): Pasarrúas pola Silva 11:00-12:30.

★ DÍA ROSALÍA DE CASTRO (23 de febreiro): entregáronse os premios do I Concurso de debuxo e narración breve organizado polo Equipo de Dinamización da Lingua, no que participaron algúns dos alumnos

★ A FESTA DA IGUANA (24 de febreiro): veu o “Teatro Calavera”.

★ DÍA DA MULLER TRABALLADORA (8 de marzo): biblioteca humana para o alumnado.

3º trimestre

★ LECTURAS APADRIÑADAS (24 de abril): os nenos/as de 4º, 5º e 6º de EI e os de 1º e 2º de EP foron apradiñados polos de 3º e 4º de EP. Prevista a lectura de contos no patio do recreo.

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

- ★ EXCURSIÓN POR CERCEDA (Viernes 26 de mayo): visita o Ecomuseo e ao Museo do Mineral de Cerceda. Posteriormente realizarase unha visita a lagoa das Encobras (Antigua mina de Meirama).
- ★ LETRAS GALEGAS (17 de maio): desenrolo dun lapbook cunha caricatura do autor mais o seu nome que se decorará libremente.
- ★ PERIÓDICO “AS COUSAS DA NOSA ESCOLA” (Viernes 26 de mayo como fecha límite): como aportacións a clase de 4º e 5º de EI realizará actividades creativas relacionadas co esquema corporal. No caso da clase de 6º de EI a actividade reflexada será o coidado e decoración dunhas macetas con plantas.
- ★ PROXECTO “COÑECENDO CERCEDA” (venres 26 de xuño). Presentación grupal dos traballos desenvolto por todo o colexio.
- ★ EXPOSICIÓN E PARTICIPACIÓN CO MUSEO MELGA(martes 20 de xuño). Dende as 10:30 ata as 13:30 Melga expondrá e fará partícipes os nenos dos xogos populares.
- ★ HOMENAXE A RAFAEL RODRÍGUEZ MARTÍN.(mércores 21 de xuño). O homenaxe constará da plantación dun olivo, unha ofrenda floral feita polos nenos de todo o colexio.

OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERESE

Cómpre nomear as seguintes:

- ★ Préstamo de libros da Bibliosilva.
- ★ Préstamo da "mochila viaxeira" (cada neno e nena levou para casa a mochila durante 1 semana aproximadamente, que contiña: un libro en galego, un en castelán, un en inglés, un de manualidades, e un material audiovisual).
- ★ Participación en actividades relacionadas co Proxecto de biblioteca que este ano xirou arredor da temática “Concello de Cerceda”.

Normalmente valoramos as saídas e demais actividades como positivas.

Para vindeiros cursos, seguimos pensando que é importante analizar moi ben os tempos e as actividades a realizar, pois ás veces non están axeitadas ás características do noso alumnado.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

A intervención educativa do profesorado en E.I. contemplou como principio básico a diversidade do alumnado. Tendo en conta que todos os nenos/as teñen necesidades, intereses, ritmos, estilos cognitivos, motivacións e experiencias propias que mediatizan o seu proceso de aprendizaxe, levouse a cabo unha atención pedagóxica individualizada.

Respecto ás necesidades do alumnado existentes, compre salientar os seguintes casos, atendidos conxuntamente polas titoras e polas mestras especialistas:

O mestre de PT

★ Catro sesións semanais a un alumno de 6º de EI.

O mestre de AL

Realizaron o apoio destes nen@s, fóra da aula ordinaria:

★ 4º Nivel de Infantil: 1 media sesión a 3 alumnos.

★ 5º Nivel de Infantil: 0 alumn@s.

★ 6º Nivel de Infantil: 4 sesións a 1 alumn@ e media a 2 alumn@s.

Quedan pendentes de valorar 4 alumnos de 4ºEI e 3 alumnos de 5ºEI por posibles dislalias.

Mantivéronse relacións coas familias destes alumnos de cara a favorecer a súa evolución e poder reforzar os esforzos que se realizan tanto na escola como nas familia, así como co Servizo de Atención Temperá de Ordes.

RELACIÓN COAS FAMILIAS

A relación coas familias ao longo do presente curso levouse a cabo mediante a reunión grupal de inicio de curso, o contacto diario, entrevistas individuais (titorías presenciais, telefónicas ou por Tokapp), boletíns informativos trimestrais e circulares informativas.

As mestras de E.I. valoramos positivamente a comunicación e coordinación que se estableceu coas familias, xa que amosaron boa disposición á hora de colaborar en todo o que se lles pediu (celebración dos aniversarios, elaboración dos disfraces do entroido, participación en diversas actividades dende as casas...).

AVALIACIÓN

No que respecta á avaliación, tomouse como referencia o establecido na *Orde do 25 de xuño do 2009*.

Ao principio de curso as titoras de Educación Infantil realizamos unha avaliación inicial do alumnado, así como ao comezo de cada proxecto, para recoller as ideas previas dos nenos e nenas. Baseándonos nisto organizamos a nosa tarefa educativa, valorando a consecución dos obxectivos ao rematar cada proxecto.

Ao finalizar cada trimestre as titoras e os mestres especialistas cubrimos os boletíns trimestrais establecidos no XADE e as familias accederon a ditos boletíns a través de ABALAR MÓVIL.

Cada trimestre fixemos a correspondente sesión de avaliación cos especialistas que imparten docencia neste ciclo, para comentar as dificultades, avances, colaboracións etc. para conseguir o desenvolvemento integral do alumnado.

A titora do grupo de 4º e 5º de EI mantén reunións coas familias cando o ve necesario dependendo do alumn@, e unha ao longo do 3º trimestre con todos.

A finais de curso, avaliamos o desenvolvemento do alumnado e as aprendizaxes adquiridas segundo os obxectivos establecidos, e cubrimos os documentos de avaliación vixentes.

Polo tanto, fíxose unha avaliación inicial, trimestral e final.

Ademais da avaliación do alumnado, fixémoslo tamén do proceso de ensino-aprendizaxe, permitíndonos adoptar as modificacións

oportunas en función dos resultados, das dificultades e necesidades atopadas.

REUNIÓN DE CICLO

As mestras de Educación Infantil xunto co coordinador de ciclo reunímonos todos os primeiros venres de cada mes na hora de coordinación e de non ser posible o primeiro luns, a través de reunións presenciais e sempre que foi preciso comunicámonos empregando a vía telefónica e os nosos correos electrónicos.

MELLORAS A CONSEGUIR

As titoras propoñemos as seguintes melloras para o vindeiro curso:

- ★ Contar coa mestra especialista en A.L. máis sesións para atender ás necesidades existentes, xa que algúns alumnos quedaron sen atención por falta de horario dispoñible da mesma.
- ★ Continuar co apoio da mestra especialista de P.T. (debido a posibles necesidades susceptibles de ser tratadas).
- ★ Se é posible nos horarios, contar cos apoios de P.T. e A.L. ás segundas ou ás cuartas horas da mañá.
- ★ Se o funcionamento xeral do centro o permite, ter as especialidades ás últimas horas da xornada (informática, relixión, psicomotricidade e pluriinfantil).
- ★ Manter o presuposto das aulas de 250 € para cada unidade.

A titora da aula de 4º e 5º de EI

A titora da aula de 6º de EI

Asdo: Ana Mª Vázquez Fraga

Asdo: María José López Boquete

O Coordinador de EI

Asdo: Jorge Rodríguez Pérez

7.2. MEMORIA DO PRIMEIRO E SEGUNDO CURSOS DE PRIMARIA

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS

No presente curso académico estiveron matriculados 13 alumnos/as no 1º curso de Educación Primaria e 10 alumnos/as no 2º curso.

Ámbolos dous grupos son heteroxéneos en canto a capacidades e rendemento académico, precisando algúns alumnos de 1º apoio e reforzo educativo na aula por parte da titora e incluso, nalgún caso, doutros mestres do centro con dispoñibilidade horaria. Así mesmo, houbo tres alumnos en 1º e cinco en 2º que contaron con apoio do mestre de Audición e Linguaxe, mais algúns deles foron dados de alta ao longo do curso. Por outra banda, unha alumna de 1º e dous alumnos de 2º recibiron apoio do especialista en Pedagogía Terapéutica debido ás súas necesidades específicas de apoio educativo.

Todos os nenos acadaron os obxectivos propostos para o curso, aínda que algúns deles con dificultades. A alumna con ACS que temos na aula de 1º presentou unha lixeira melloría, mais non a esperada; por este motivo, debemos facer unha revisión da referida adaptación.

Por outra banda, a comezos do mes de xuño, o Departamento de Orientación presentou o informe do alumno de 1º para o que se solicitara intervención, posto que presentaba dificultades no que respecta a autonomía e atención e precisaba control e asistencia continuada por parte da mestra. Tras analizar os resultados dos instrumentos utilizados, a impresión diagnóstica das dificultades deste alumno non están claras, xa que poderían estar relacionadas ben cun retraso madurativo, ben cun déficit de atención. De cara ao curso que vén, e para atender ás necesidades do alumno, sería preciso que contase con apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e que continuase co de Audición e Linguaxe, co que xa traballaba a súa dislalia.

Ao finalizar cada unha das avaliacións, o equipo docente tomou como referencia os criterios de avaliación propostos ao principio de curso:

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

- ★ Cualificacións nas distintas probas (no caso do alumnado de 2º).
- ★ Calidade dos traballos.
- ★ Claridade na presentación das tarefas.
- ★ Coidado do material.
- ★ Participación na aula.
- ★ Cumprimento de normas.

Ao remate de cada avaliación, reuniuse o equipo docente coa finalidade de valorar a evolución do alumnado en relación á consecución dos obxectivos propostos e de cara á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe (introdución de novos recursos e estratexias pedagóxicas, cambios na metodoloxía didáctica...)

AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS POLO EQUIPO DOCENTE

Tal e como se recolle na Programación Xeral Anual, os mestres deste nivel ademais das reunións establecidas co profesorado implicado nestes cursos, mantivéronse coordinados noutros momentos para comentar tanto aspectos derivados directamente da práctica diaria (avaliación das aprendizaxes, comportamento e rendemento escolar dos alumnos e alumnas...) como outros dirixidos á mellora da mesma (cambio de estratexias didáctico- pedagóxicas, proba doutras metodoloxías...), etc.

A nivel xeral podemos concluír que os obxectivos referidos aos cursos que nos ocupan e recollidos na PXA aprobada a comezos de curso foron acadados satisfactoriamente.

MATERIAIS DE AULA

Xunto cos libros de texto, utilizáronse de xeito complementario diferentes materiais:

- 1º curso: materiais manipulativos, xogos educativos, fondos da biblioteca e libro de lectura, fichas de traballo e recursos dixitais a través do blog de aula.
- 2º curso: caderno de aula, fondos da biblioteca, fichas de traballo e outro material de reforzo e ampliación dos coñecementos a aprender para a mellora das competencias clave.

REUNIÓNS DE PAIS

Durante o presente ano académico levouse a cabo unha xuntanza inicial na que as familias recibiron cumprida información sobre as diversas actividades lectivas, complementarias e extraescolares programadas.

Así mesmo, os luns lectivos de 16:00 a 17:00 horas, tal e como quedou establecido na Programación Xeral Anual, os titores reuníronse de forma individual cos pais e nais do alumnado, se ben nalgunhas ocasións, e por incompatibilidade horaria do traballo dalgún pai-nai, houbo que trasladar a reunión a outro momento e varias xuntanzas fixéronse vía telefónica.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participamos en todas as actividades institucionalizadas: Magosto, Día contra a Violencia de Xénero, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día de Rosalía, Semana da Prensa, Día da Muller, Día do Libro, Días das Letras Galegas...

As actividades complementarias e extraescolares nas que participou o alumnado de 1º e 2º, foron as seguintes:

DATA	ACTIVIDADE
30/09/22	OBRADOIRO LUPO
24/10/22	LECTURAS APADRIÑADAS (ALUMNADO DE 3º A 6º LE A ALUMNADO DE INFANTIL, 1º E 2º)
04/11/22	CELEBRACIÓN DA FESTA DO OUTONO (SAMAÍN E MAGOSTO)
14/11/22	CONTACONTOS PRÍNCIPAS E PRINCESOS (ANPA)
25/11/22	DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: CARTEIS “CON R DE RESPECTO”
16/12/22	OBRADOIRO “TOCA-TOCA”
21/12/22	VISITA DE PAPÁ NOEL
22/12/22	FESTIVAL DE NADAL

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

30/01/23	DÍA DA PAZ
13-16/02/23	MANDADIÑOS DO ENTROIDO
14/02/23	DÍA DO AMOR E A AMIZADE
16/02/23	DEGUSTACIÓN DE SOBREMESAS TÍPICAS DE ENTROIDO
17/02/23	DESFILE DE DISFRACES DE ENTROIDO POLO POBO
23/02/23	DÍA DE ROSALÍA: POEMA E IMAXE DE ROSALÍA
08/03/23	DÍA INTERNACIONAL DA MULLER. BIBLIOTECA HUMANA: MULLERES DA FAMILIA
Do 07/03/23 ao 11/03/23	SEMANA DA PRENSA
16/05/23	DÍA DAS LETRAS GALEGAS: “LAPBOOK” SOBRE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
19/05/23	VISITA A DISTINTOS PUNTOS DO CONCELLO DE CERCEDA: ECOMUSEO, MUSEO DA MINERÍA E LAGO DAS ENCROBAS
16/06/23	EXPOSICIÓN DO PRODUTO FINAL DO PROXECTO “COÑECENDO CERCEDA”
19/06/23	SAÍDA Á IGREXA DE SAN MARTIÑO DE RODÍS E Á VÍA VERDE (PARROQUIA DE QUEIXAS)
20/06/23	I FESTIVAL DE XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS GALEGOS ORGANIZADO POLO MELGA
21/06/23	HOMENAXE A RAFAEL RODRÍGUEZ MARTÍN

★ **COMPLEMENTARIAS:**

Biblioteca Escolar

Comezamos co proxecto de biblioteca “Coñecendo Cerceda”, que tivo como tema centro o acercamento a aspectos culturais, sociais, históricos e medioambientais das seis parroquias do concello. O alumnado de 1º centrouse na parroquia de Meirama e o de 2º na parroquia de Xesteda. As actividades que fixemos arredor deste tema expuxéronse o 16 de xuño xunto coas do resto do alumnado do colexio.

Plan Proxecta: “Xoves Olímpicos”

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

Durante os recreos dos xoves, todo o alumnado de Educación Primaria, xunto co profesorado, participou nestes xogos organizados polo mestre de Educación Física do centro, encadrados dentro do PLAN PROXECTA.

Xadrez

Durante os recreos dos mércores, o alumnado de Educación Primaria que así o desexou puido participar nesta actividade organizada e supervisada polo titor de 2º de Educación Primaria e que se celebrou na biblioteca do centro.

Patios dinámicos

Distribución do patio do colexio en distintas zonas para a realización de xogos variados durante os recreos (brilé/palas, baloncesto, fútbol, materiais variados e tenis de mesa).

Día contra a Violencia de Xénero

Co lema “Con R de respecto”, todo o alumnado do centro participou na elaboración de carteis a través dos que reflexionaban sobre a problemática da violencia de xénero na nosa sociedade.

Festa do Outono

Celebráronse conxuntamente o Samaín e o Magosto o día 4 de novembro. Moitos nenos e nenas participaron no concurso de fotos de outono en lugares emblemáticos de Cerceda. Por outra banda, houbo unha degustación de castañas e chocolate e os alumnos que así o quixeron viñeron disfrazados.

Festival de Nadal

O 21 de decembro visitounos Papá Noel e o 22 celebramos o festival de Nadal, para o que o alumnado de 1º interpretou a canción “Bo Nadal no Reino Animal” e o de 2º representou a obra teatral “Os cegos e o elefante”.

Día da Paz

O 30 de xaneiro celebramos o Día da Paz colocando un mural elaborado entre todos os nenos e nenas do colexio baixo o lema “Somos Paz”. Debuxouse a silueta do mapa de Cerceda dividido en parroquias e cada curso decorou a silueta da súa parroquia con algunha imaxe ou texto relacionado co tema da paz. Por outra banda, participamos na actividade “Alimentos pola Paz” coa que o alumnado do centro debuxou unha postal relacionada coa paz e trouxo ao centro alimentos non perecedeiros para intercambialos pola postal que máis lle gustase. Estes alimentos destináronse a familias con poucos recursos.

Entroido

Desde o 13 ata o 16 de febreiro, os nenos trouxeron cada día un complemento indicado polos “mandadiños”. O día 16 o alumnado puido gozar de sobremesas típicas de Entroido que trouxeron as propias familias. Finalmente, o día 17 cada alumno veu caracterizado co disfraz que elixiu e todo o centro participou nun desfile polo pobo.

Día de Rosalía

Para conmemorar o 186 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro o día 23 de febreiro participamos, xunto co resto do alumnado do centro, na elaboración dun mural coa imaxe da escritora. Por outra banda creamos, tamén de forma conxunta, un poema inspirado no coñecido “Un repoludo gaitero”.

Día das Letras Galegas

Para a celebración deste día, cada aula participou na elaboración dun “lapbook” conxunto sobre Francisco Fernández del Riego, o escritor homenaxeado este ano.

★ *CONCURSOS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS*

IV Concurso de marcapáxinas: no mes de outubro, o alumnado de 1º e 2º, xunto co resto do alumnado do colexio, participou neste

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

concurso organizado desde a nosa biblioteca e relacionado co lugar onde viven.

Nadal: o alumnado participou no Concurso de postais de Nadal por iniciativa do equipo da Biblioteca. Valorouse que o debuxo estivese relacionado con algunha paisaxe do concello.

Semana da prensa: en todas as aulas de Infantil e Primaria o alumnado recibiu diversas novas actuais sobre Cerceda que deberon ampliar, interpretar, resumir, ilustrar, etc. Tanto coas novas orixinais como coas distintas interpretacións das mesmas creamos un xornal que primeiro lemos nas clases e despois pasou a estar dispoñible na biblioteca do centro.

Plantamos nos invernadoiros: retomamos a actividade cos pequenos invernadoiros que a ANPA proporcionou ao centro o curso pasado para que o alumnado coidase as súas propias plantas. O alumnado de 1º gozou de saborosos amorodos, mentres que o de 2º plantou flores e leitugas.

Xornal do centro: o alumnado de 1º e 2º aportou ao xornal deste ano varias seccións:

- 1º curso: “A chegada de Mesi”, “Observando de preto a nosa contorna” e “Ciencia con consciencia”.
- 2º curso: “Como son eu?”

A titora de primeiro de primaria

O titor de segundo de primaria

Asdo: Mariña García San León

Asdo: Francisco Varela Domínguez

7.3. MEMORIA DO TERCEIRO E CUARTO CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS

No presente curso matriculáronse 12 alumnos/as no terceiro curso de primaria e 17 alumnos/as no segundo curso.

Estes grupos son, en xeral, heteroxéneos en canto a capacidades, comportamento e rendemento académico, precisando algúns nenos apoio e reforzo educativo na aula por parte do titor e incluso, nalgún caso, doutro profesor do centro e das especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica. Un neno ten tamén unha Adapación Curricular.

Tódolos nenos/as acadaron en xeral os obxectivos propostos para o curso agás un alumno de 4º de Primaria que promociona coa área de Lingua Castelá suspensa.

Algúns alumnos seguirás precisando no curso que ven de apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, que establecerá unhas orientacións pedagóxicas de cara á intervención educativa cos nenos.

AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS POLO EQUIPO DOCENTE

Tal e como se recolle na Programación Xeral Anual, os mestres deste nivel reuníronse os primeiros luns de cada mes ás 15,00 da tarde, se ben houbo que modificar algunhas datas por coincidir en festivo.

Ademais das reunións establecidas, o profesorado implicado nestes cursos mantívose coordinado noutros momentos para comentar tanto aspectos derivados directamente da práctica diaria (avaliación das aprendizaxes, comportamento e rendemento escolar dos alumnos e alumnas...) como outros dirixidos á mellora da mesma (cambio de estratexias didáctico- pedagóxicas, proba doutras metodoloxías...) etc.

Asi mesmo houbo que modificar temporalmente algunhas actividades programadas por incorporarse á programación curricular outras propostas (concursos, visitas, charlas...) que consideramos interesantes levar a cabo co alumnado póla súa potencialidade educativa.

A nivel xeral podemos concluir que os obxectivos referidos aos cursos que nos ocupan e recollidos na PXA aprobada a comezos de curso foron acadados satisfactoriamente.

REUNIÓN DE PAIS

A primeira reunión cos pais do alumnado de 3º curso tivo lugar o 5 de setembro, e a de 4º curso de primaria tivo lugar o 3 de outubro.

Na mesma reunión tratáronse diferentes aspectos xerais de organización e funcionamento da aula: obxectivos xerais de nivel (obxectivos mínimos e criterios de promoción), calendario lectivo, conmemoracións e celebracións, metodoloxía de traballo, pautas educativo-pedagóxicas, etc

Asimesmo, todos os luns de 16:00 a 17:00 horas, tal e como quedou establecido na Programación Xeral Anual, os titores reuníronse de forma individual cos pais e nais dos alumnos/as, se ben nalgúns casos e por incompatibilidade horaria do traballo dalgún pai-nai houbo que trasladar a reunión a outro momento, ou mesmo realizala por vía telefónica.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O terceiro e cuarto cursos participaron en todas as actividades complementarias realizadas no centro con motivo das seguintes celebracións e proxectos:

Proxecto de Biblioteca

Ao longo do curso participamos no proxecto “Coñecendo Cerceda”, que tivo como temática central o coñecemento do propio Concello. Desenvolvemos distintas actividades relacionadas co mesmo:

- A aula de 3º afondou no coñecemento da parroquia de Rodís e a de 4º da parroquia de Cerceda.
- Concurso de marcapáxinas con imaxe e lema sobre Cerceda.
- Concurso de fotos de outono con temática de Cerceda (Festa do Outono)

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

- “Busca do tesouro”
- Entrevista co alcalde de Cerceda.(Bibliotecas humanas)
- Asistencia á charla de Manuel Ruibal.(Bibliotecas humanas)
- Reinterpretación de noticias sobre Cerceda (Semana da Prensa)
- Visita ao Ecomuseo, museo da minería e lago de Meirama.
- Visita á igrexa de Rodís e ruta pola senda verde.
- Elaboración dun resumo das actividades feitas por cada aula ao longo do ano.
- Celebración das primeiras lecturas apadriñadas (Día da Biblioteca) e das segundas lecturas (Día do Libro)

Plan Proxecta: “Xoves Olímpicos”

Durante os recreos dos xoves, todo o alumnado de Educación Primaria, xunto co profesorado, participou nestes xogos organizados polo mestre de Educación Física do centro, encadrados dentro do PLAN PROXECTA.

Mochila viaxeira

Ao longo do curso os alumnos levaron para as súas casas unha mochila con diverso material da biblioteca, para compartir coas súas familias.

Día Internacional contra a violencia de xénero

- Asistencia a un contacontos financiado pola ANPA: Princesas e príncipes.
- Elaboración dun mural conxunto co resto do colexio. Lema : Con R de respecto

Festival de Nadal

O alumno que o desexou participou no concurso de postais de Nadal e na decoración do colexio.

O 21 de decembro recibimos a visita de Papá Noel e o 22 celebramos o festival con diferentes actuacións.

Día da Paz

O 30 de xaneiro celebramos o día da Paz colaborando nun mural que se fixo entre todos os nenos e nenas do colexio, co lema “Somos Paz”

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

Participamos na recollida de alimentos para entregar na parroquia e intercambiamos os alimentos por postais de paz feitas polo alumnado.

Día da Amizade

Asistimos a unha actuación no colexio de “Brais das Hortas” da compañís Charlatana.

Día de Rosalía

Participamos co resto do alumnado do colexio na elaboración dun poema viaxeiro referente á vida de Rosalía e na montaxe dun mural.

Entroido

Dende o 13 ao 16 de febreiro e a petición do Meco, os nenos trouxeron cada día unha prenda de roupa indicada por este personaxe.

O 16 tivemos a degustación de produtos típico doados polas familias e o 17 fixemos un desfile polo pobo con disfraz libre.

Día da Muller

O 8 de marzo recibimos a visita de mulleres das familias do alumnado, que explicaron a importancia dos seus traballos.

Día das letras Galegas

Xunto co resto do alumnado do centro elaboramos un libro de lapelas sobre o autor a homenaxear.

Curso Primeiros auxilios

O 31 de marzo asistimos no colexio a un curso de Primeiros auxilios, organizado pola ANPA.

Xornal escolar

Participamos na elaboración do xornal escolar coa elaboración de distinto material por aulas.

Outras actividades

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

O 30 de setembro participamos nun taller de construción, premio que recibiran o curso pasado pola participación no concurso “Piensa con Mister Lupo”

O 20 de xuño o Melga impartiu sesión de xogos no colexio.

O 21 de xuño participamos na homenaxe ao director Rafael Rodríguez Martín e celebramos a festa de fin de curso.

Todas estas actividades transcorreron sen incidentes salientables,(se ben algunha actividade que foi planificada tivo que suspenderse por causas alleas ao centro) sendo os resultados altamente satisfactorios, tanto no ámbito educativo-didáctico como no convivencial.

MATERIAIS DE AULA

Xunto cos libros de texto e os cadernos de traballo dos/das alumnos/as utilizáronse de xeito complementario diferentes fichas de traballo como material de reforzo e ampliación dos coñecementos a aprender. Utilizáronse, na medida do posible, distintos medios dixitais. Ademais empregouse tamén distinto material educativo-didáctico para axudar na aprendizaxe das matemáticas, mellorar e afianzar a lecto escritura, desenvolver o coñecemento do medio... e en definitiva traballar as distintas competencias básicas.

A titora de terceiro de primaria

O titor de terceiro de primaria

Asdo: Lucía Doval Sánchez

Asdo: Agustín Sánchez Iglesias

7.4. MEMORIA DO QUINTO CURSO DE PRIMARIA

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS

O 5ºEP curso constou de nove alumnos/as dos que promocionan a 6ºEP os 9. Un dos alumnos promociona cun ACS. A maioría dos obxectivos programados nas diferentes áreas e o nivel de desenvolvemento axeitado das competencias clave foi acadado pola maior parte do alumnado. Ao longo de todo o curso foi preciso reforzo educativo co mestre de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para un alumno cunha ACS e para outro alumno.

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

O alumno con ACS cursará escolarización combinada co centro de Educación Especial María Mariño.

Ao finalizar cada unha das avaliacións, o equipo docente tomou como referencia os criterios de avaliación propostos ao principio de curso:

- ★ Cualificacións nas distintas probas.
- ★ Calidade dos traballos.
- ★ Claridade na presentación das tarefas.
- ★ Participación na aula.
- ★ Cumprimento de normas.

Ao remate de cada avaliación, reuniuse o equipo docente coa finalidade de valorar a evolución do alumnado en relación á consecución dos obxectivos propostos e de cara á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe (introdución de novos recursos e estratexias pedagóxicas, cambios na metodoloxía didáctica...)

AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS POLO EQUIPO DOCENTE

O equipo docente, tal como quedou reflectido na Programación Xeral Anual, reuniuse os primeiros luns de mes e, alén diso, sempre que tivemos que tratar algún tema específico ou programar algunha actividade complementaria adicional.

Os obxectivos propostos para o curso acadáronse a nivel global, ao igual que o nivel de desenvolvemento das competencias clave, realizándose as adaptacións temporais oportunas con respecto ás dificultades atopadas.

REUNIÓN DE PAIS

Durante o presente ano académico levouse a cabo unha xuntanza inicial na que as familias recibiron cumprida información sobre as diversas actividades lectivas, complementarias e extraescolares programadas.

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

Os luns lectivos estiveron designados como día de titoría acudindo, ao longo do curso, os pais e/ou nais que o consideraron preciso, ben a petición propia ou por telo solicitado o/a respectivo/a titor/a.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participamos en todas as actividades institucionalizadas: Magosto, Día da non Violencia de Xénero, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Día da Muller, Bibliotecas Humanas, Día das Letras Galegas...

As actividades complementarias e extraescolares nas que participaron os nenos e nenas de 5ºEP, foron as seguintes:

DATA	ACTIVIDADES
04/11/22	CELEBRACIÓN DA FESTA DO OUTONO
11/11/22	PLAN DIRECTOR
25/11/22	MURAL PARA CONMEMORAR O DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
22/12/22	FESTIVAL DE NADAL
30/01/23	DÍA DA PAZ
17/02/23	DESFIL DE ENTROIDO
23/02/23	DÍA DE ROSALÍA
24/02/23	VISITA A PREZERO, DENTRO DO PROGRAMA ATRÉVETE
08/03/23	DÍA DA MULLER TRABALLADORA
6-10/03/23	SEMANA DA PRENSA, XORNAL “CERCEDA NA PRENSA”
24/03/23	VISITA A PISCIFACTORÍA HNOS FARIÑA ANDRADE (ATRÉVETE)
24//03/23	VISITA DO PRESIDENTE DO BANCO DE ALIMENTOS
5/05/2023	VISITA AO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE SOMESO (ATÉVETE)

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

12/05/23	TEATRO CALAVERA
26/05/23	EXCURSIÓN FIN DE CURSO (ECOMUSEO, MUSEO DA MINERÍA E LAGO DE MEIRAMA)
16/06/23	FESTA DE FIN DE CURSO DA ANPA.
19/06/23	VISITA Á IGREXA DE RODÍS E VÍA VERDE
20/06/23	I FESTIVAL DE XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS GALEGOS(MELGA DE PONTECESO)
21/06/23	ACTO DE DESPEDIDA A RAFA +FESTA FIN DE CURSO

Participamos, así mesmo, nas seguintes actividades e concursos:

« Actividades da Biblioteca en relación ao proxecto “ Coñecendo Cerceda”

« Concurso de Postais de Nadal (organizado polo centro).

« O alumnado de 5ºeste ano foi testemuña da inauguración da aula piloto do Proxecto Lupo , de Arquitectura e Innovación nos Centros. Trátase dun proxecto no que colaboran alumnado, mestres e familias, e consiste na modificación estrutural e arquitectónica do colexio. O noso proxecto consistiu na modificación dunha aula piloto, que servirá de modelo para a modificación de todo o colexio nun futuro.

« Concurso “Atrévete a ter unha idea!” (Programa Atrévete)

« Mochilas viaxeiras e Libro viaxeiro.

« Elaboración do Xornal Escolar

Todas estas actividades transcorreron sen incidentes salientables, sendo os resultados altamente satisfactorios, tanto no ámbito educativo-didáctico como no con vivencial.

PLANS E PROGRAMAS

Do mesmo xeito, un ano máis, achegamos ao alumnado de 5ºo programa educativo sobre a adolescencia patrocinado por Evax, Tampax e Ausonia, “Acerca de tí”. Coa axuda dunha serie de materiais audiovisuais, debatemos cos nenos e nenas contidos relacionados coa puberdade.

Este ano incorporamos ao listado de programas , **“LA LOCA AVENTURA DEL AHORRO”** “un programa promovido pola Fundación ABANCA .Este programa baseado na gamificación, está dirixido aos estudantes de primeiro a sexto de primaria, o alumnado participante aprende de forma colaborativa a distinguir entre o necesario, o desexado e o que no sempre podemos ter.

Así mesmo, como se ve no cadro de actividades, traballamos desde o segundo trimestre no programa “Atrévete” para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria (no marco do plan “Eduemprende”, promovido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) e visitamos, ademais do CIFP de Someso.

A titora de quinto de primaria

Asdo Silvia Betanzos Tajés

7.5. MEMORIA DO SEXTO CURSO DE PRIMARIA

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS

O 6ºEP curso constou de 7 alumnos/as dos que promocionan a 1º da ESO os 7. Este curso un alumno de 6º incorporouse desde o CPI O Cruce de Cerceda para cursar no noso centro o último curso da etapa. A maioría dos obxectivos programados nas diferentes áreas e o nivel de desenvolvemento axeitado das competencias clave foi acadado polo alumnado con moi bos resultados.

O alumno incorporado de CPI o Cruce superou durante o segundo trimestre a materia que tiña pendente de 5º e un alumno de 6º leva unha Mención Honorífica ao remate desta etapa educativa.

Dos 7 alumnos e alumnas que tivemos este curso ; 6 deles cursarán o 1º da ESO no CPI O CRUCE de Cerceda e unha o cursará nun centro de Carballo.

Ao finalizar cada unha das avaliacións, o equipo docente tomou como referencia os criterios de avaliación propostos ao principio de curso:

- ★ Cualificacións nas distintas probas.
- ★ Calidade dos traballos.
- ★ Claridade na presentación das tarefas.
- ★ Participación na aula.

★ Cumprimento de normas.

Ao remate de cada avaliación, reuniuse o equipo docente coa finalidade de valorar a evolución do alumnado en relación á consecución dos obxectivos propostos e de cara á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe (introdución de novos recursos e estratexias pedagóxicas, cambios na metodoloxía didáctica...)

AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS POLO EQUIPO DOCENTE

O equipo docente, tal como quedou reflectido na Programación Xeral Anual, reuniuse os primeiros luns de mes e, alén diso, sempre que tivemos que tratar algún tema específico ou programar algunha actividade complementaria adicional.

Os obxectivos propostos para o curso acadáronse a nivel global, ao igual que o nivel de desenvolvemento das competencias clave, realizándose as adaptacións temporais oportunas con respecto ás dificultades atopadas.

REUNIÓN DE PAIS

Durante o presente ano académico levouse a cabo unha xuntanza inicial na que as familias recibiron cumprida información sobre as diversas actividades lectivas, complementarias e extraescolares programadas.

Os luns lectivos estiveron designados como día de titoría acudindo, ao longo do curso, os pais e/ou nais que o consideraron preciso, ben a petición propia ou por telo solicitado o/a respectivo/a titor/a.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participamos en todas as actividades institucionalizadas: Magosto, Día da non Violencia de Xénero, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Día da Muller, Bibliotecas Humanas, Día das Letras Galegas...

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

As actividades complementarias e extraescolares nas que participaron os nenos e nenas de 6ºEP, foron as seguintes:

DATA	ACTIVIDADES
04/11/22	CELEBRACIÓN DA FESTA DO OUTONO
11/11/22	PLAN DIRECTOR
25/11/22	MURAL PARA CONMEMORAR O DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
22/12/22	FESTIVAL DE NADAL
30/01/23	DÍA DA PAZ
17/02/23	DESFILE DE ENTROIDO
23/02/23	DÍA DE ROSALÍA
24/02/23	VISITA A PREZERO, DENTRO DO PROGRAMA ATRÉVETE
08/03/23	DÍA DA MULLER TRABALLADORA
6-10/03/23	SEMANA DA PRENSA, XORNAL “CERCEDA NA PRENSA”
24/03/23	VISITA A PISCIFACTORÍA HNOS FARIÑA ANDRADE (ATRÉVETE)
24//03/23	VISITA DO PRESIDENTE DO BANCO DE ALIMENTOS
5/05/2023	VISITA AO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE SOMESO (ATÉVETE)
12/05/23	TEATRO CALAVERA
26/05/23	EXCURSIÓN FIN DE CURSO (ECOMUSEO, MUSEO DA MINERÍA E LAGO DE MEIRAMA)
4-10/06/23	SPRING WEEK NOS PEARES (CENTRO DE INMERSIÓN)
15/06/23	XORNADA DE ACOLLIDA NO CPI O CRUCE DE CERCEDA PARA O ALUMNADO DE 6ºEP
16/06/23	FESTA DE FIN DE CURSO DA ANPA E GRADUACIÓN DO ALUMNADO DE 6ºEP

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

19/06/23	VISITA A IGREXA DE RODÍS E VÍA VERDE
20/06/23	I FESTIVAL DE XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS GALEGOS (MELGA DE PONTECESO)
21/06/23	ACTO DE DESPEDIDA A RAFA + FESTA FIN DE CURSO

Participamos, así mesmo, nas seguintes actividades e concursos:

« Actividades da Biblioteca en relación ao proxecto “ Coñecendo Cerceda”

« Concurso de Postais de Nadal (organizado polo centro).

« O alumnado de 6º este ano foi testemuña da inauguración da aula piloto do Proxecto Lupo , de Arquitectura e Innovación nos Centros. Trátase dun proxecto no que colaboran alumnado, mestres e familias, e consiste na modificación estrutural e arquitectónica do colexio. O noso proxecto consistiu na modificación dunha aula piloto, que servirá de modelo para a modificación de todo o colexio nun futuro.

« Concurso “Atrévete a ter unha idea!” (Programa Atrévete)

« Mochilas viaxeiras e Libro viaxeiro.

« Elaboración do Xornal Escolar

Todas estas actividades transcorreron sen incidentes salientables, sendo os resultados altamente satisfactorios, tanto no ámbito educativo-didáctico como no con vivencial.

PLANS E PROGRAMAS

Plan Proxecta: “Xoves Olímpicos”

Durante os recreos dos xoves, todo o alumnado de Educación Primaria, xunto co profesorado, participou nestes xogos organizados polo mestre de Educación Física do centro, encadrados dentro do PLAN PROXECTA.

O alumnado de 6º curso realizou a función de capitans e de actualizadores da clasificación así coma grabación de vídeos e maquetación dos mesmos. Dito traballo viuse recompensado co

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

aumento da nota de Educación Física, como queda reflexado en dito plan.

OUTROS:

Do mesmo xeito, un ano máis, achegamos ao alumnado de 6ª o programa educativo sobre a adolescencia patrocinado por Evax, Tampax e Ausonia, “Acerca de tí”. Coa axuda dunha serie de materiais audiovisuais, debatemos cos nenos e nenas contidos relacionados coa puberdade.

Este ano incorporamos ao listado de programas , **“LA LOCA AVENTURA DEL AHORRO** “un programa promovido pola Fundación ABANCA .Este programa baseado na gamificación, está dirixido aos estudantes de primeiro a sexto de primaria, o alumnado participante aprende de forma colaborativa a distinguir entre o necesario, o desexado e o que no sempre podemos ter.

Así mesmo, como se ve no cadro de actividades, traballamos desde o segundo trimestre no programa “Atrévete” para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria (no marco do plan “Eduemprende”, promovido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) e visitamos, ademais do CIFP de Someso.

Este curso participamos no Programa Spring Week, no centro de Inmersión lingüística dos Peares , durante a semana do 4 ao 10 de xuño o alumnado de 6º viviu a experiencia de compartir tempo e espazos con nenos e nenas do resto de Galicia ,aprendendo e usando como lingua vehicular a lingua inglesa.

A titora de sexto de primaria

Asdo Silvia Betanzos Tajés

7.6. MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

COMPOÑENTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	
Ed. Infantil	<i>Ana María Vázquez Fraga</i>
1º Curso de Primaria	<i>Mariña García San León</i>
3º Curso de Primaria	<i>Lucía Doval Sánchez</i>

5º/6º Curso de Primaria	<i>Silvia Betanzos Tajés</i>
COORDINADOR	<i>Agustín Sánchez Iglesias</i>

INTRODUCCIÓN

O traballo desenvolvido ao longo deste curso por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega estivo encamiñado a levar a cabo as actividades descritas de seguido e que presentamos no PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO no centro, e que foi remitido con data do 28 de decembro de 2022 (Número de entrada 2022/3192763). O noso obxectivo principal consistiu en que a nosa lingua estivese presente en todos os ámbitos do centro

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

BIBLIOTECA:

- ★ Ampliamos os fondos de consulta adaptados á idade dos alumnos, en lingua galega de cara a fomentar os hábitos de lectura, tanto a nivel escolar como familiar.
- ★ Realizamos sesións de contacontos en galego. Ademais de traer contacontos de fora desenvolvemos a actividade “LECTURAS APADRIÑADAS”, na que os mais maiores do colexio exercían de contacontos aos mais pequenos.



<https://www.youtube.com/watch?v=OxeMhM7JD78&t=3s>

MEMORIA FINAL "Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023"

- ★ Na SEMANA DA PRENSA, seleccionamos distintas noticias de xornais relacionadas co noso concello seguindo o centro de interese do proxecto deste curso: "COÑECENDO O NOSO CONCELLO". O que fixemos foi reinterpretar ao noso xeito, en galego, as noticias reais dos xornais.



<https://www.youtube.com/watch?v=edGHNZIN1CA&t=305s>

CONFECCIÓN DO XORNAL ESCOLAR:

- ★ Confección de traballos para o xornal escolar que publicamos a finais do curso escolar en versión dixital que atópase colgada na nosa páxina web, aloxada no seguinte enderezo:



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/>



REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- ★ Como recollimos no proxecto inicial, os obxectivos destas actividades consistiron en potenciar a realidade e a cultura galega na escola e a valoración das tradicións galegas, involucrando ás familias neste proceso.
- ★ Realizamos as ambientacións e decoración tanto do centro como do propio espazo da Biblioteca para o desenvolvemento das diversas actividades levadas a cabo.
- ★ Elaboramos materiais para a conmemoración do Magosto, do Día da Paz, do Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa e Día das Letras Galegas.





mandadiños do entroido

<https://www.youtube.com/watch?v=ALo8ytoci0k&t=36s>



30 de xaneiro

<https://www.youtube.com/watch?v=HEGKlwUH4zU&t=105s>



ACTIVIDADES REALIZADAS COA ASIGNACIÓN RECIBIDA:

Datos da factura	Gasto realizado	Actividade programada para a que se empregou o material facturado
------------------	-----------------	---

MEMORIA FINAL "Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023"

Hércules de Ediciones 30-5-2023 N23-835	56,50 €	Ampliación de fondos de Biblioteca: - Adquisición de libros para traballar o núcleo temático do centro de interese do presente curso "COÑECENDO O NOSO CONCELLO".
Editorial Bululú 5-5-2023 A/301	146,82 €	Ampliación de fondos de Biblioteca: - Adquisición de libros en lingua galega.
Esymar 27-4-2023 2023000334	16,80 €	Biblioteca: - Elaboración de carteis, murais e colgadores de ambientación. Realización de Actividades Complementarias: - Ambientacións e decoración do centro nas diversas conmemoracións.
Grafosil 20-6-2023	723,58 €	Elaboración do Xornal Escolar.

AVALIACIÓN DO PROXECTO:

O profesorado participou e involucrouse nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Con respecto á actividade anual do noso Xornal Escolar, estamos máis que satisfeitos cos obxectivos inicialmente proposto e os acadados.

O Equipo de Dinamización tratou de propoñer e coordinar as actividades que se desenvolveron no centro desde os distintos equipos e titorías, ao longo do curso.

Contamos, en todo momento, coa colaboración das familias e do Concello que dunha ou outra forma axudaron na promoción e na realización das distintas actividades abertas, que levamos a cabo ao longo do curso.

Participamos e fixemos partícipes tamén, a distintos organismos, entidades e empresas do contorno que ofertaron actividades para os rapaces, ou as que lles solicitamos colaboración no desenvolvemento doutras que consideramos interesantes para o noso alumnado.

Podemos afirmar que os obxectivos plantexados no proxecto para este curso, foron acadados na súa totalidade, dentro das posibilidades que nos permitiu a subvención económica concedida.

PROPOSTAS DE MELLORA

Tendo en conta a partida recibida para a realización dos obxectivos previstos, non podemos permitirmos nada máis que manter as expectativas actuais e propoñemos polo tanto melloras de carácter cualitativo xa que cuantitativamente a axuda concedida chegou somentes para cubrir unha parte do investimento realizado.

O Coordinador

Asdo: Agustín Sánchez Iglesias

7.7. MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

INTRODUCCIÓN

A diversidade do alumnado é unha realidade, de aí que se tivo moi en conta a importancia de dar resposta ás distintas necesidades que se presentaron, tal e como se recolle na Orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

No centro hai alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE), polo que se dispón de recursos para atender ás súas necesidades, como é o profesorado de apoio e a súa propia aula.

En canto ao persoal, hai un mestre de Pedagogía Terapéutica (PT) e un mestre de Audición e Linguaxe (AL) a tempo completo no centro. Ademais, cóntase tamén cunha orientadora como xefa do

Departamento de Orientación, compartida co centro, CPI O Cruce (Cerceda).

ACTUACIÓN DOS MESTRES ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

No *Decreto 374/1996*, no seu *artigo 84*, e na *Orde do 24 de xullo de 1998* (art. 7), aparecen recollidas as funcións para os mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

O horario foi elaborado tendo en conta as necesidades do alumnado, dándolle prioridade aos alumnos/a que contan cunha adaptación curricular. Durante o curso, fixéronse as modificacións oportunas en función da variación de necesidades do alumnado e do centro.

A intervención do mestre de PT centrouse fundamentalmente en compensar as dificultades de aprendizaxe que se presentaron, principalmente, nas áreas instrumentais básicas (lingua castelá, lingua galega e matemáticas) e na adquisición de técnicas, habilidades, actitudes e destrezas básicas que axudaron á mellora do traballo e ao mellor desenvolvemento do alumnado. Deste xeito, o mestre de PT atendeu aos nenos/as en sesións individuais e tamén, debido ás características e necesidades que se presentan no centro, realizou sesións conxuntas, facendo distintos agrupamentos entre os alumnos/as que necesitaban do seu apoio.

O especialista en Audición e Linguaxe centrouse máis no desenvolvemento das capacidades comunicativo - lingüísticas, sendo esta unha das competencias necesarias para o desenvolvemento integral dos nosos alumnos/as. No seu caso, a alumnado foi atendido

a partir de sesións individuais ou en pequeno grupo, de 25 minutos ou 50 minutos segundo o caso.

A intervención destas dúas especialistas levouse a cabo en 4 niveis:

En relación ao alumnado:

- Prestarlle atención directa ao alumno/a con NEAE.
- Colaborar na identificación e na avaliación de NEE.
- Observar o progreso do alumno/a e avalialo en colaboración co mestre/a de área.

En relación ao mestre/a:

- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares Significativas, así como das medidas de reforzo.
- Colaborar no establecemento da metodoloxía e avaliación a seguir co alumno/a que presentan NEE.
- Elaborar e deseñar materiais específicos para cada alumno/a.
- Apoiar de maneira máis específica a adquisición e desenvolvemento das áreas específicas, como a linguaxe oral e escrita.

En relación ao centro:

- Participar na elaboración dos horarios e das adaptacións curriculares que precisaron os alumnos/as con NEAE.
- Participar na CCP para conseguir os obxectivos propostos co alumnado.
- Coordinación cos profesionais que interveñen na educación dos alumnos/as con NEAE, xa sexan recursos humanos externos ou internos.
- Participar nas sesións de avaliación dos niveis que teñan alumnos/as con NEAE.

En relación á familia:

- Comunicarse cas mesmas para comentar a evolución dos seus fillos ou fillas.
- Ofrecer pautas de intervención para levar a cabo no fogar para traballar de forma coordinada.

Estas actuación leváronse a cabo de forma coordinada, que foi posible grazas a unha boa comunicación cos diferentes profesionais do centro.

Obxectivos xerais da intervención co alumnado:

- ✓ Desenvolver ó máximo as potencialidades de cada alumno/a.
- ✓ Acadar a inclusión do alumnado tanto na comunidade educativa como na sociedade.
- ✓ Traballar as Habilidades Sociais para que o anterior sexa posible.
- ✓ Adquirir uns hábitos de autonomía que lle permitan desenvolverse na vida diaria, así como no traballo na súa aula e no centro.
- ✓ Acadar o desenvolvemento de tarefas que requiran certa responsabilidade.
- ✓ Favorecer a adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas.
- ✓ Optimizala linguaxe expresiva e comprensiva do alumnado.
- ✓ Favorecer unha autoestima positiva do alumnado, como medio favorecedor para a súa formación en tódolos ámbitos.
- ✓ Mellorar os procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción, memoria, seguimento de instrucións...).
- ✓ Iniciar, adquirir e mellorar a lectoescritura.
- ✓ Previr os posibles déficits ou trastornos da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos prioritarios a traballar co alumnado:

- ✓ Percepción, atención, memoria e seguimento de instrucións.

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

- ✓ Comprensión e expresión oral
- ✓ Comprensión lectora
- ✓ Escritura
- ✓ Razoamento
- ✓ Cálculo
- ✓ Hábitos de traballo e autonomía
- ✓ Linguaxe
- ✓ Habilidades sociais
- ✓ Motricidade
- ✓ Coñecementos de área

A intervención dos mestras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no presente curso realizouse, maioritariamente, fóra da aula ordinaria, logo do consenso cos mestres/as titores/as, polo carácter específico das dificultades presentadas polos alumnos/as e a metodoloxía máis acorde aos mesmos.

A RELACIÓN DE ALUMNOS/AS ATENDIDOS POLO MESTRE DE AUDICIÓN E LINGUAXE:

ALUMNADO	ASPECTOS TRABALLADOS	SESIÓNS
3 alumnos de Educación Infantil (3º) con inmadurez articularia.	<ul style="list-style-type: none">• Potenciar a expresión oral.• Discriminación auditiva a dos fonemas• Articulación correcta dos fonemas.• Adquisición de léxico.• Estruturación morfo-sintáctica.	1 sesión semanal de 35 minutos na aula de AL.
2 alumnos de Educación Infantil (5º) con dificultades na fala.	<ul style="list-style-type: none">• Expresión oral• Discriminación auditiva.• Estruturación morfosintáctica.• Banco léxico.	1 sesión semanal de 25 minutos na aula de AL.
1 alumno de Educación Infantil (5º) con displasia.	<ul style="list-style-type: none">• Prerequisitos da linguaxe (atención, memoria, razoamento...)• Promover situacións comunicativas.• Adquisición de vocabulario básico (saúdos, peticións, etc.)• Repetición de palabras (ata 3 sílabas)• Autonomía persoal e de traballo.	4 sesións semanais de 50 minutos cada unha na aula de AL.

MEMORIA FINAL "Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023"

1 alumna de Educación Primaria (1º) con displasia.	<ul style="list-style-type: none"> • Procesos cognitivos básicos (memoria de traballo, atención, razoamento...) • Aumento de vocabulario expresivo e comprensivo. • Discriminación auditiva. • Conciencia fonolóxica e silábica. • Autonomía persoal e de traballo. 	3 sesións á semana de 50 minutos na aula de AL.
1 alumno de Educación primaria (1º) con dislalia dos fonemas /s/ /θ/.	<ul style="list-style-type: none"> • Articulación correcta dos fonemas • Discriminación axeitadas dos devanditos fonemas. • Xeneralización. 	Media sesión á semana de 25 minutos na aula de AL. Recibiu a alta.
2 alumnos de Educación Primaria (1º) con rotacismo.	<ul style="list-style-type: none"> • Articulación correcta dos fonemas • Discriminación axeitadas dos devanditos fonemas. • Xeneralización. 	Media sesión á semana de 25 minutos na aula de AL.
2 alumnos de Educación Primaria (2º) con rotacismo.	<ul style="list-style-type: none"> • Articulación correcta dos fonemas • Discriminación axeitadas dos devanditos fonemas. • Xeneralización. 	Media sesión á semana de 25 minutos na aula de AL. Recibiron a alta.
1 alumna de Educación primaria (2º) con dislalia dos fonemas /s/ /θ/.	<ul style="list-style-type: none"> • Articulación correcta dos fonemas • Discriminación axeitadas dos devanditos fonemas. • Xeneralización. 	Media sesión á semana de 25 minutos na aula de AL. Recibiu a alta.
1 alumno de Educación Primaria (2º) con TEA, TDAH e TEL.	<ul style="list-style-type: none"> • Procesos cognitivos básicos. • Autonomía persoal e de traballo. • Conciencia silábica e léxica. • Lectoescritura. • Estruturación e coherencia no discurso. 	3 sesións á semana de 50 minutos na aula de AL.
1 alumno de Educación Primaria (2º) con dislexia e TDAH.	<ul style="list-style-type: none"> • Procesos cognitivos básicos. • Conciencia fonolóxica. • Velocidade lectora. • Comprensión lectora. 	1 sesión á semana de 50 minutos e media sesión de 25 minutos, na aula de AL.
1 alumno de Educación Primaria (3º) con Síndrome de Down.	<ul style="list-style-type: none"> • Procesos cognitivos básicos. • Autonomía persoal e de traballo. • Lectoescritura. • Calidade articulatória. • Aumento de vocabulario. • Estruturación e coherencia no discurso. 	4 sesións á semana de 50 minutos na aula de AL.
1 alumno de Educación Primaria (3º) con dificultades na comprensión e expresión (oral e escrita)	<ul style="list-style-type: none"> • Procesos cognitivos básicos. • Comprensión oral e escrita • Elaboración de producións escritas máis complexas. • Aumento de vocabulario. • Estruturación e coherencia no discurso. 	1 sesión á semana de 50 minutos na aula de AL.
1 alumno de	<ul style="list-style-type: none"> • Procesos cognitivos básicos. 	2 medias sesións

MEMORIA FINAL "Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023"

Educación Primaria (4º) con TEL.	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión e expresión (oral e escrita) • Aumento de vocabulario • Estruturación e coherencia no discurso. 	de 25 minutos cada unha na aula de AL.
1 alumno de Educación Primaria (5º) con dislexia.	<ul style="list-style-type: none"> • Procesos cognitivos básicos. • Conciencia fonolóxica. • Velocidade lectora. • Comprensión lectora. 	1 sesión á semana de 50 minutos na aula de AL.
1 alumno de Educación Primaria (5º) con TEA.	<ul style="list-style-type: none"> • Procesos cognitivos básicos. • Intención comunicativa. • Estruturación e coherencia no discurso. • Aumento de vocabulario. • Habilidades sociais. • Identificación de emocións. • Tª da Mente. 	4 sesións á semana de 50 minutos na aula de AL.

A RELACIÓN DE ALUMNOS/AS ATENDIDOS POLO MESTRE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

ALUMNADO	ASPECTOS TRABALLADOS	SESIÓNS
1 alumno con NEAE asociadas con displasia (6º de EI)	<ul style="list-style-type: none"> •Bloques de construción •Xogo simbólico. •Seguimento de instrucións sinxelas. •Estruturación de las frases. •Desarrollo de la motricidade fina. •Incremento del vocabulario. •Expresión oral. •Clasificación por formas y colores. •Numeración hasta el 10. •Estimulación de la percepción espacial por medio de: encaixables, cordas, contas, pegs... •Esquema corporal y distintas partes del corpo. 	4 sesións semanais de 50 minutos cada unha na aula de PT.
1 alumna con NEAE asociadas con displasia (1º Primaria)	<ul style="list-style-type: none"> •Ámbito lóxico-matemático: Numeración, exercicios lóxicos, conteo, secuencias, clasificación por formas, etc. •Conciencia fonolóxica. •Adquisición de sílabas directas. •Desarrollo de la percepción, memoria y visión espaciais. •Consolidación do abecedario. •Escritura e lectura de palabras sinxelas. •Os procesos cognitivos básicos (atención, percepción e memoria). 	5 sesións semanais de 50 minutos cada unha na aula de PT.
1 alumno con NEAE	<ul style="list-style-type: none"> •Adquisición de sílabas trabadas. 	2 sesións semanais de

MEMORIA FINAL "Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023"

asociadas a TDAH (2º de Primaria)	<ul style="list-style-type: none"> •Comprensión lectora • Desarrollo da velocidade e fluidez da lectura. •Procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria. •Grafomotricidad. •Conciencia fonémica. •Conciencia fonológica •Expresión escrita •Vocabulario 	50 minutos cada unha na aula de PT.
1 alumno con NEAE asociadas a TDAH y TEA grado 1 (2º de Primaria)	<ul style="list-style-type: none"> •Adquisición de sílabas trabadas. •Comprensión lectora •Desarrollo de la precisión velocidade, fluidez y prosodia. •Incentivar o desenvolvemento das habilidades sociais. •Estructuración do discurso. •Grafomotricidade. •Conciencia fonémica. •Conciencia fonológica •Expresión escrita •Vocabulario 	3 sesións semanais de 50 minutos cada unha na aula de PT.
1 alumno con NEE asociadas a Síndrome de Down (3º de Primaria)	<ul style="list-style-type: none"> •Expresión oral •Os procesos cognitivos básicos (atención, percepción e memoria) •Adquisición de vocabulario. •Desarrollo la lectoescritura. •A Estimulación de la conciencia silábica. •Ámbito lóxico-matemático: Numeración, problemas, sumas, conteo, restas, etc. 	5 sesións semanais de 50 minutos cada unha na aula de PT.
1 alumno con NEAE asociadas a TEA (5º de Primaria)	<ul style="list-style-type: none"> •Ámbito lóxico-matemático: numeración, series, maior-menor, sistema decimal (C,D,U), Separa grupos en partes iguais, sumas sen levadas, conteo, clasificación de números, medir lonxitudes, areometría, euros, etc. •Inferencias de lugar, de tempo, de axente, de obxecto, causa efecto. •Estructuración de las frases. •Expresión oral. •Estimulación de la visión y percepción espacial. •Desarrollo de la intelixencia emocional. •Adiviñas. •Familias de palabras. •Ámbito lingüístico: sinónimos-antónimos, comprensión lectora, expresión escrita, inferencias, etc. •Conceptos básicos. •Anticipación de los contextos sociais. 	5 sesións semanais de 50 minutos cada unha na aula de PT.
1 alumno con NEAE asociadas a dislexia (5º de	<ul style="list-style-type: none"> •Reforzo en ámbito lóxico-matemático traballando los contidos correspondentes a 5º de EP. 	2 sesións semanais de 50 minutos cada unha

COORDINACIÓN CO PROFESORADO

Ao longo do curso non se determinou un horario concreto para levar a cabo reunións de coordinación co profesorado titor ou especialista. Aínda así, en liñas xerais, existiu unha comunicación fluída e continua, tanto para o establecemento de obxectivos ao longo do curso como para o intercambio de información útil; logrando así un desenvolvemento óptimo dos apoios.

Considérase dado as circunstancias que o centro precisa incorporar outro mestre de Pedagogía Terapéutica. As necesidades existentes beneficiaríanse dunha atención individualizada de maior calidade.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO

As medidas de apoio levadas a cabo polos especialistas foron produtivas coa maioría dos alumnos acadando os obxectivos. Existiron determinados casos nos que houbo progreso pero este non foi suficiente para acadar os obxectivos marcados ao comezo do curso.

PREVISIÓNS PARA O CURSO SEGUINTE E PROPOSTAS DE MELLORA

Para o vindeiro curso e tendo en conta o número de alumnado que precisa de apoio, tanto de AL como de PT no centro, sería necesario contar con mestres especialistas a tempo completo os 5 días á semana. Isto serviría para acadar unha mellora nos apoios e poder continuar co traballo realizado durante este ano académico.

Outro aspecto a ter en conta é a presenza da orientadora no centro (adscrita co seu centro base noutro centro da zona), a cal soamente asiste ao

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

colexio unha hora, un día a semana. Este feito implica que se produza un atraso na realización das avaliacións e no seguimento do alumnado. É importante, para unha mellora nos apoios, contar cunha presenza máis continua por parte da xefa do Departamento de Orientación e unha maior implicación no día a día do colexio, para favorecer o coñecemento do alumnado.

Por último, para o próximo ano sería necesario reconsiderar a duración das sesións cunha parte do alumnado, especialmente de Infantil, xa que 50 minutos de traballo para nenos de 6 anos fanse demasiado longas e, en moitos casos, improdutivoas. É preciso ter en conta as necesidades e características de cada neno e nena e adaptar así a duración das sesións de apoio.

Mestre de PT

Mestre de AL

Asdo: Jorge Rodríguez Pérez

Asdo: Iván Vázquez López

7.8. MEMORIA DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

A seguinte táboa recolle os obxectivos que nos propuxemos para o curso 2022/202 e o grao de consecución dos mesmos:

1.- Organizar e coordinar cos diferentes niveis os festivais, festas e conmemoracións que se leven a cabo no centro	As conmemoracións realizáronse coordinándonos con todo o centro para levalas a cabo
2.- Promover e programar actividades complementarias e extraescolares	Leváronse a cabo a maioría das actividades propostas. E incluíronse outras que non estaban programadas
3.- Darlle difusión os traballos realizados durante o curso das diferentes conmemoracións. Seguiuse	Douse cumprida difusión en formato vídeo e en galería fotográfica na páxina web do Centro dos traballos achegados

MEMORIA FINAL "Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023"

empregando o correo electrónico creado no curso anterior para comunicarnos coas familias e invitalas a participar en diferentes actividades	polas familias. Valoramos moi positivamente a implicación da case totalidade das familias
4.- Coordinar cos equipos de biblioteca e dinamización da lingua galega as diferentes actividades propostas	Mantivéronse as reunión dos diferentes coordinadores e as actividades leváronse a cabo de xeito coordinado polos tres equipos
5.- Participar e colaborar nos distintos eventos que se fagan no centro e fora del	Participamos como equipo en todas as actividades nas que se pediu a nosa participación e colaboración
6.-Organizar reunións do equipo para propoñer actividades a realizar por todo o centro, tanto en infantil como en primaria	Organizáronse tres reunións das que se levantou a acta correspondente, coincidindo co inicio de cada un dos trimestres. Nas respectivas reunións, propuxéronse diferentes actividades a levar a cabo por todo o centro ao longo de todo o presente curso. Deuse cumprida información a cada titoría dos acordos adoptados
7.- Leváronse a cabo as celebracións que tradicionalmente se viñan realizando en gran grupo.	Celebrouse festa do outono, nadal, entroido, excursión de fin de curso, I festival de xogos e xoguetes tradicionais galegos; celebracións participadas pola totalidade do alumnado.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

Ao longo do presente curso 2022/2023, desenvolvéronse ademais das actividades extraescolares de Pequebaile (venres de 15 a 17 h) e Atletismo (martes e xoves de 15 a 16 h); as seguintes actividades en coordinación co Equipo da Biblioteca, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, coa ANPA co Concello e con outras entidades:

1º TRIMESTRE

INCLUSIÓN SOCIAL: unha representación da asociación de persoas con discapacidade (AVANTE) acompañada por algúns usuarios, explicaron polo miúdo aos rapaces maiores de primaria en que consiste o seu traballo

OUTONO/MAGOSTO/HALLOWEEN/SAMAÍN: co fin de conformar o mural: OUTONO EN CERCEDA, invítouse ás familias a achegar fotos ao correo electrónico creado para tal fin, de paisaxes de outono do concello de Cerceda. Rexistrouse unha alta participación(43 alumnos en total). Con todas as fotos elaborouse un vídeo que se subíu a páxina web do centro <https://www.youtube.com/watch?v=MF0UKhplxoQ&t=160s>

Todos os participantes recibiron un agasallo e as tres fotos que o xurado considerou mais creativas, recibiron unha cunca coa impresión da foto respectiva.

Na festa do outono degustáronse castañas asadas e chocolate quente e a maioría dos alumnos acudiron disfrazados, do que quedou constancia na galería de fotos da páxina web do centro:

<https://photos.google.com/share/AF1QipMUWFWWh7q1NbTNriJregKcbOS0U78Y0aQc7WjQoiaqtww08rqhKknBnlqGKhbpQFQ?key=WFY4dVg2M1I1VTZNTmxVTlhqODc0ZkgtbzZoZGN3>

PLAN DIRECTOR: o 11 de novembro, alumnado da aula mixta de 5º/6º de primaria participou na actividade do Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: o 14 de novembro, a ANPA patrocina o contacontos PRÍNCIPAS E PRINCESOS para conmemorar a 25 de novembro. O día 25 a comunidade educativa participa na montaxe dun mural conmemorativo da data; do que quedou constancia no vídeo <https://www.youtube.com/watch?v=MpEkGfFYTSA> que se subiu a páxina web do colexio.

CONMEMORACIÓN DA CONSTITUCIÓN E DO ESTATUTO DE

AUTONOMÍA: o 9 de decembro o alumnado de 3º/4º de primaria conversou co alcalde de Cerceda sobre a importancia que ten a constitución e o estatuto de autonomía para toda a cidadanía.

TALLER TOCA-TOCA: o 16 de decembro, o alumnado de infantil, 1º e 2º de primaria participou nun taller para coñecer e tocar insectos de variadas especies

NADAL: o 21 de decembro e coa colaboración do concello, recibimos a visita de Papa Noel. O día 22 celébrase o festival de nadal, ao que se invita ás familias. Quedou cumprida reportaxe fotográfica na páxina web do centro: https://photos.google.com/share/AF1QipN3SN-LBhbinBTJ5C4J2BudHkg-_eu7KTUHqTHykbaG4rixBYK_38t6jc8Ab4c4Lg?key=OXc3R09idDE5QV93SWt4Z2FoaEZjQzZQMUVoVkdn

2º TRIMESTRE

DÍA DA PAZ: nas respectivas titorías deseñáronse e elaboráronse **tarxetas solidarias de paz** que intercambiamos por alimentos que entregamos a Cáritas e ao Banco de Alimentos. Tamén elaboramos un mural colectivo co lema SOMOS PAZ. O vídeo que subimos á páxina web do colexio, resume todo o proceso de traballo <https://www.youtube.com/watch?v=HEGKlwUH4zU&t=47s>

ENTROIDO: na semana do 13 ao 17 de febreiro invítase á comunidade educativa a disfrazarse seguindo uns mandadiños do entroido relacionados coa PDI do centro, coñecendo Cerceda. O venres 17 faise un desfile de entroido polas rúas da Silva, desfile moi concorrido o que acoden gran número de familias, apoiado pola panadería Vázquez con lanzamento de confetti e doces para a rapazada. Ata a televisión local se fai eco da nova: <https://www.youtube.com/watch?v=C7uDAynewNE&t=51s> Os mandadiños do entroido e a extensa reportaxe fotográfica recóllense na web do centro

<https://www.youtube.com/watch?v=ALo8ytoci0k&t=4s>
https://photos.google.com/share/AF1QipNi36jNZoz_YjHAIKQfa9gBaSCnDHqZrt4jm6rGXxNMKrrPlx49EMfq7Cwybq1cCg?key=Sk1VSXpGY09nQXcxWIZsdl2Tno1YW54bDJsS3NB

DÍA DE ROSALÍA: conmemorase a data con traballo colaborativo de todas as titorías do que queda constancia na galería fotográfica da páxina web do centro https://photos.google.com/share/AF1QipMqi5yaJhmmJutvha4_G_DIzSdbIhuG78iL-y_IsAApqcCwmpvDXWF-4HQ2SAMqA?key=ek52RUZFb2oyY0hWdWFZS0xKaDlfbTRuYVNWa0dB

A FESTA DA IGUANA: O 24 de febreiro e patrocinado pola ANPA, a compañía Teatro Calavera representa para o alumnado de infantil: a festa da iguana

EDUEMPRENDE: o 24 de febreiro o alumnado de 5º/6º de primaria visita a empresa PREZERO, situada no polígono industrial do Acevedo en Cerceda. O 24 de marzo o mesmo grupo de alumnos visitan a piscifactoría Fariña Andrade en Rodís.

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA: celebramos o 8 de marzo recibindo a María, Adolfina e Cristina, mulleres do concello de Cerceda e que nos falaron da súa vida e das súas afeccións. Quedou constancia desta data tan importante na páxina web do centro: https://www.youtube.com/watch?v=sR6sXrSCJ_o&t=1s

SEMANA DA PRENSA: a semana do 6 ao 10 de marzo as titorías fixeron unha recompilación de noticias sobre Cerceda, e reinterpretáronas ao seu xeito no xornal: Cerceda na Prensa. Tamén recibimos a visita de David, xornalista dixital e pai dunha alumna do centro.

VISITA DE JOSÉ PITA: o 24 de marzo recibimos a visita do presidente do Banco de Alimentos, para agradecer os alimentos achegados na campaña solidaria de finais de xaneiro.

CURSO PRIMEIROS AUXILIOS: o 31 de marzo, os alumnos de 3º e 4º de primaria participaron nunha actividade moi práctica de primeiros auxilios patrocinada pola ANPA.

3º TRIMESTRE

SEMENTAMOS E PRANTAMOS NOS INVERNADOIROS: a ANPA achegounos sementes e plantas e todo o alumnado sementou e plantou nos invernadoiros que xa financiara a ANPA no curso anterior

PROGRAMA ATRÉVETE: o día 5 de maio, alumnos de 5º/6º de primaria viaxaron ao instituto de Someso na Coruña.

TEATRO CALAVERA: o 12 de maio ra ANPA patrocinou a festa da Iguana para o alumnado de primaria

DÍAS DAS LETRAS GALEGAS: para agasallar a Francisco Delgado Gurriarán, o EDLG elaborou en colaboración coas titorías un libro de cartolina para presentar a información do persoeiro ao que se lle dedicou o día das letras galegas. No xornal escolar entregado o última día do curso, recóllese todo o proceso de elaboración.

EXCURSIÓN FIN DE CURSO: o 26 de maio todo o alumnado visitou o Ecomuseo, o Museo da Minería e o lago de Meirama, para dar remate á PDI do centro, **coñecendo Cerceda**. A reportaxe fotográfica publicouse no Xornal Escolar

VISITA IGREXA RODÍS/ANDAINA VÍA VERDE: o luns 21 de xuño o alumnado de primaria visitou a igrexa de Rodís e intentouse unha andaina pola vía verde, que resultou imposible polas inclemencias metereolóxicas.

I FESTIVAL DE XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS GALEGOS: o 22 de xuño todo o alumnado participou dunha xornada lúdica e deportiva ofrecida polo museo MELGA de Ponteceso.

FESTA DE FIN DE CURSO DA ANPA E DO COLEXIO: dúas grandes festas para despedir o curso: a primeira o venres 16 de xuño patrocinada pola ANPA. E a segunda o mércores 21 de xuño, co clásico partido de fútbol alumnos/mestres e merenda aportada polas familias, o comedor do centro e o colexio.

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”
MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA
PROGRAMACIÓN E MOTIVO DAS MODIFICACIÓNS

En colaboración cos distintos equipos do centro, coa ANPA, co Concello ou con outras entidades, foron xurdindo actividades que en principio non estaban programadas, pero que se levaron a cabo. Ás veces resultaron un pouco fora de sitio, por falta de tempo ou pola incapacidade de facelas cadrar no medio da actividade lectiva, pero aínda así leváronse a cabo e os cambios introducidos foron froito do dinamismo e colaboración entre toda a comunidade educativa, coa única pretensión de favorecer a competencia social e cidadá do alumnado do centro.

AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS

En xeral podemos dicir que as actividades propostas tiveron un grao de participación satisfactorio por parte do alumnado e das familias, que se implicaron moito e dun xeito moi positivo en todas e cada unha delas. En especial nas actividades que se referiron a achegarnos fotos para a elaboración dos diferentes vídeos. Avaliamos como moi positivo pola gran cantidade de visitas que tiveron, os vídeos resumos das actividades que se foron subindo á web do centro.

En canto á comunidade educativa, tamén houbo un óptimo grao de implicación nas actividades propostas, por parte do noso equipo, da ANPA, do Concello e doutros organismos.

PROPOSTA DE MELLORA

Optimizar a coordinación entre os diferentes equipos coa finalidade de que as actividades a nivel de centro non resulten excesivas. E sobre todo coa ANPA e a principio do curso, para deixar todo o mais atado

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

posible, co fin de alonxarnos da improvisación á que nos fomos sometendo nos dous últimos cursos e que levou a que algúns titores se manifestaran desbordados de tarefas externas ao quefacer diario das súas programacións. Consensuar propostas coas distintas titorías, co fin de levar a cabo actividades orixinais e non repetitivas, que motiven e impliquen positivamente ao alumnado e as súas familias.

Compoñentes do equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:

- Silvia Betanzos Tajés
- José Domínguez Caballero
- Lucía Doval Sánchez
- Mariña García San León
- Monserrat Martín Villaverde
- Francisco Varela Domínguez
- María Teresa del Río Boquete - Xefa do Equipo

7.9. MEMORIA ANUAL DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

1. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

a) Enfoque actual

O enfoque da convivencia no centro tivo unha visión construtiva e positiva polo que as actuacións foron encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos a través da participación, dos diversos canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

Ao tratarse dun centro de Infantil e Primaria, cunha ratio reducida, a convivencia desenvolveuse dun xeito máis que aceptable. Na actualidade o clima de convivencia no centro é gratamente positivo. Ao longo do curso non se observaron serios problemas aparecendo algúns conflitos esporádicos, xeralmente por desadaptacións, que se resolveron fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor.

b) Respostas ante as situacións

A resposta educativa do centro estivo relacionada co desexo de mellorar as canles de diálogo, respecto e comunicación, como medio para solucionar calquera conflito e coa necesidade de potenciar a convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento ante os conflitos que puideron xurdir.

Neste curso convocouse unha reunión de urxencia da comisión ante un problema xurdido entre unha familia e o titor dun alumno. Despois desta e de posteriores reunións de titoría, o problema solventouse favorablemente, non sendo necesarias posteriores reunións da comisión con referencia a este caso.

c) Relación coas familias e a comunidade

Mantivéronse reunións periódicas de información e coordinación de carácter global e particular nas horas reflectidas na Programación Xeral Anual.

Foi moi importante a actuación dos titores en canto á coordinación coas familias de cara a fomentar unha maior colaboración do sector de pais e nais.

As situacións particulares que afectaron á convivencia e resolución de conflitos adoitaron ser comentadas coas familias cando tivo lugar algún tipo de intervención ante unha determinada conduta.

2. OBXECTIVOS TRABALLADOS NO PRESENTE CURSO

Tal como figura no Plan de Convivencia elaborado, os obxectivos que perseguimos durante o presente ano académico foron os seguintes:

- Acadar a integración de todo o alumnado sin discriminación por razóns de raza, sexo, idade...
- Fomentar a implicación das familias.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- Prever os conflitos.

- Procurar a autoestima profesional do docente.
- Aproveitar as diversas situacións que se produciron ao longo do curso escolar para que o centro fose un espazo de paz, respecto, diálogo e aberto ao contorno.

3. ACTIVIDADES

- Debate e discusión ao comezo do curso sobre O Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia no seo da Comisión de Convivencia e do Consello Escolar.
- Analizamos nas titorías a marcha da convivencia da clase, trasladando a información precisa ás Xuntas de Avaliación.
- Tratouse na hora de titoría, e cando o titor/a o considerou necesario, calquera aspecto que afectase ás boas relacións e á convivencia do grupo.
- Fomentamos os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica, a non violencia, etc.
- Elaboramos normas de conduta na aula. Dita actividade realízouse polos/as titores/as a principios de curso e mantivéronse activas ao longo de mesmo, aínda que se remarcaron con máis insistencia durante a segunda avaliación.
- Participamos en actividades de educación en igualdade.
- Participamos en actividades que contribuíron a mellorar a convivencia no colexio e fóra del:
 - Analizamos nas titorías a marcha da convivencia da clase, trasladando a información precisa ás Xuntas de Avaliación.
 - Recordamos as normas de conduta elaboradas, a través das respectivas titorías.
 - Participamos en actividades de educación en igualdade.
 - Participamos no Plan Proxecta.
 - Participamos en actividades que contribuíron a mellorar a convivencia no colexio e fóra del:
- 30 de xaneiro: Día da Paz e a non violencia.
- Mantivemos unha estreita relación cos servizos sociais do Concello para controlar o absentismo e dar a coñecer as situacións desfavorecidas das familias.

4. AVALIACIÓN

"A comisión avalía de xeito positivo o clima de convivencia do noso centro xa que logo non se detectaron problemas significativos"

O PRESENTE INFORME FOI APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO, NA REUNIÓN MANTIDA O DÍA 28 DE XUÑO DE 2023.

O PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR

Asdo: José Domínguez Caballero

8. PROXECTOS

8.1. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

1.- GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

1.- Regular a apertura da biblioteca nos recreos	Fíxose un calendario semanal co fin de repartir os recreos entre todos os alumnos de infantil e primaria. Resultou curioso que o alumnado de infantil non fixera uso do día asignado para eles. Escolleuse ese día porque non participaban nos xoves olímpicos.
2.- Realizar reunións periódicas cos coordinadores dos demais equipos para levar a cabo a planificación das actividades previstas	Conseguido
3.- Catalogación das novas adquisicións	Sempre e cando se mercaron libros. Mercáronse moitos, e aínda quedan pendentes unha boa morea para setembro
4.- Optar por librerías do contorno, ou por editoriais galegas para mercar libros	Conseguido
5.- Recoller suxerencias dos diferentes niveis á hora de aumentar os fondos	Sempre se recollen e executan as suxerencias. Aínda que podería manifestarse mais implicación
6.- Publicar 2 guías de lectura: unha en nadal e outra en xuño	Conseguido
7.- Actividades de fomento da lectura e a escritura con contacontos/ apadriñamentos/sesión coas familias/ concursos literarios/ lecturas compartidas/ club de lectura	Case conseguido. Contacontos patrocinados pola ANPA, apadriñamentos, biblioteca humana, concurso literario. A biblioteca humana foi un éxito. Trasladámola ao vestíbulo do centro para poder participar ao mesmo tempo todo o alumnado. O que non fixemos foi lecturas compartidas nin conseguimos poñer en marcha o club de lectura

MEMORIA FINAL "Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023"

8.- Continuar coas mochilas viaxeiras	Conseguido o de continuar coas mochilas viaxeiras. O que non resultou tan proveitoso foi o aproveitamento dos cadernos viaxeiros por parte das respectivas titorías. Algunhas preocupáronse moito para achegar toda a información aportadas polas familias sobre Cerceda. Pero outras non amosaron ningún interese en facelo
9.- Difundir por diferentes canles as adquisicións de fondos e a promoción das actividades vinculadas á biblioteca	Conseguido: empregamos o blog da biblioteca a páxina web do centro e o xornal escolar

2.- DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

- ✓ Presentación do proxecto anual: COÑECENDO CERCEDA
- ✓ Saída das **mochilas viaxeiras** en outubro. Cada titor prepara a mochila viaxeira adaptándose ás preferencias e idades do seu alumnado. Inclúese en cada unha delas bibliografía relacionada co proxecto. E tamén un caderno viaxeiro invitando á colaboración das familias. Cadernos que cando rematan o seu percorrido, engrosan o material bibliográfico da biblioteca.
- ✓ **Taller Mr Lupo**; por ser gañadores a finais do curso anterior do Concurso Pensa con Mr Lupo promovido polo xornal O Papagaio, a rapazada de primaria empezou o preste curso pensando ao grande <https://www.youtube.com/watch?v=5sEx0V1afYQ&t=12s>
- ✓ **IV concurso de marcapáxinas**: celebramos o día das bibliotecas facendo entrega dos agasallos aos finalistas e á gañadora do concurso de marcapáxinas. Os agasallos foron libros. Pódense ver todos os marca páxinas que se presentaron o concurso e os finalistas no seguinte vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=8WCIDUHsiTw>
- ✓ Xeróglifos para infantil e primaria do tipo:



- ✓ **Xogo de pistas: coñecendo Cerceda con Román e o torque de ouro**. Dende o 9 de novembro ata mediados de febreiro a rapazada de primaria andou liada cunha morea de pistas agochadas polo recinto escolar coa intención de axudar a Román a atopar o torque de ouro. Conseguiron e recibiron como agasallo unha invitación individual

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

para desfrutar do aquapark de Cerceda, invitacións aportadas polo concello.



Pistas que se xuntaron con outras e que acabaron convertidas nun xogo que pasou a formar parte da biblioteca



- ✓ Biblioteca Humana
 - con Juan Manuel Rodríguez García, alcalde de Cerceda para falar da constitución e do estatuto de autonomía <https://www.youtube.com/watch?v=cYvJhpDTEw&t=2s>
 - con Manuel Ruibal que nos contou moito e ben sobre as orixes de Rodís e nomeadamente de Cerceda <https://www.youtube.com/watch?v=nMKLXkoni8&t=2s>
 - con David González, que nos explicou en que consistía o traballo de xornalista dixital <https://www.youtube.com/watch?v=edGHNZIN1CA&t=5s>
 - con Belén Montes, que nos presentou o vello camiño que pasa por diante do noso colexio e que nos leva a Santiago de Compostela <https://www.youtube.com/watch?v=0CljZ5R1CcQ&t=1s>
- ✓ Exposicións temáticas coincidindo con datas sinaladas do calendario escolar
- ✓ Concurso debuxo, vídeo, escritura creativa coñecendo Cerceda. Animáronse moi poucos, e todos levaron libro de agasallo



- ✓ Lecturas apadriñadas, coincidindo co día do libro e co día das bibliotecas (aínda que estas tivemos que adialas ata novembro por mor dos virus presentes no cole)
- ✓ https://www.youtube.com/watch?v=NRbbNRJI_Hs
- ✓ <https://www.youtube.com/watch?v=OxeMhM7JD78&t=1s>
- ✓ Produto final, a presentación do proxecto documental integrado do centro resultou do mais positiva. Queda constancia de todo no blog da biblioteca <http://bibliotecacelsoemilioferreiroasilva.blogspot.com/>

3. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

- ✓ Adquiriuse unha importante cantidade de fondos bibliográficos: narrativa en castelán, galego e inglés, animais, dinosauros, medio ambiente e ecoloxía, diversidade, cómics, manga. E tamén varios xogos.
- ✓ Foi moi positiva a implicación das familias, do alumnado e da maioría do profesorado
- ✓ A idea da biblioteca humana seguiu sendo moi motivadora, tanto pola implicación dos convidados como dos alumnos que participaron na actividade.
- ✓ Os axudantes da biblioteca non se implicaron todo o que deberían, e por iso houbo actividades que se deixaron de facer.

4.- PREVISIÓNS DE FUTURO

- ✓ Invitar aos alumnos de 6º de primaria a colaborar na biblioteca, dándolle liderado en función da súa implicación

MEMORIA FINAL “Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro Curso Escolar 2022/2023”

- ✓ Continuar coas mochilas viaxeiras e aínda amplialas con temáticas novas e motivadoras para os alumnos
- ✓ Seguir promovendo a iniciativa da biblioteca humana
- ✓ Aumentar na medida do posible os fondos de atención á diversidade
- ✓ Abrir a biblioteca nos recreos para o alumnado de infantil e primaria
- ✓ Procurar a máxima implicación das familias e do profesorado no fomento da lectura porque fomentar a lectura permite construír con facilidade novo coñecemento. Estamos vendo que este curso a lectura individual non foi tan proveitosa como debería ser. Da a impresión de que o alumnado “pasea “libros da escola á casa e viceversa. Imos ter que poñer en valor as lecturas compartidas
- ✓ Solicitar integrarse no PLAMBE

A responsable da biblioteca

Asdo: María Teresa del Río Boquete

8.2. PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Proxecto Lingüístico do centro foi aprobado e avaliado polo Consello Escolar con data do 24 de setembro de 2018, e atópase perfectamente adaptado ao sinalado no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo. Cabe destacar que levamos a cabo todas as actividades especificadas no mesmo.

Os obxectivos marcados no proxecto lingüístico: fortalecer a lingua galega, empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións do centro, mellorar a competencia lingüística da Comunidade Escolar e promover o coñecemento da nosa realidade cultural, cumpríronse amplamente.

Tal como se indica no artigo 14 decreto 79/2010 de 20 de maio (DOG do 25 de maio) de plurilingüismo, anualmente, elaborárase unha adenda do proxecto lingüístico.

Seguindo a instrución do 31 e xullo de 2013, o centro fixou a lingua predominante baseándose nos seguintes parámetros:

- ★ O resultados da pregunta informativa e non vinculante realizada ás familias.
- ★ A realízade sociolingüística do entorno.
- ★ A garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas

Dita adenda foi elaborada no mes de setembro, incluíndose na Programación Xeral Anual.

8.3. PROXECTO CENTRO PLURILINGÜE E PLURINFANTIL

A mestra Nieves Rubio Fernández coordinou a materia de plástica en Educación Primaria con carácter plurilingüe e a mestra Silvia Betanzos Tajés dirixiu as clases que involucaron ao alumnado de primaria. Este ano contamos coa figura do auxiliar de conversa.

As clases de plurinfantil estiveron impartidas polas docentes: Silvia Betanzos Tajés e Mariña García San León.

Tendo en conta o **proxecto inicial** elaborado, podemos dicir que o respectamos na maior parte, aínda que tivemos que introducir modificacións para adaptarse ás distintas actividades e proxectos do centro.

Partimos da **coordinación co profesorado titor** para despois, no equipo de Plurinfantil, programar de forma integrada tendo en conta aquelas tarefas que as titoras estiveron a desenvolver co seu alumnado. Deste xeito, o traballo xirou arredor de tres **fíos temáticos**: proxectos de aula, proxecto do centro e actividades complementarias e extraescolares.

A coordinación de todos os membros do equipo foi fundamental para o bo desenvolvemento do mesmo, así como o apoio da persoa **auxiliar de conversa**, cuxo horario procurouse adaptar para que estivese presente nalgúns sesións de Plurinfantil. Deberíase facer, de cara ao próximo curso unha xuntanza, cando menos mensual.

No que respecta ao orzamento para a adquisición de material, destinámolo principalmente a **material** funxible que precisamos para as tarefas programadas.

8.4. PLAN TIC

O Plan TIC aprobouse o 02 de setembro de 2021 adecuándoo á casuística actual. Continuouse a experiencia práctica de introdución ás TIC aplicada ás distintas áreas.

Dentro do Plan TIC estabrecimos un Plan de avaliación cuxos obxectivos baseados no coñecemento e eficacia, grao de aplicación e participación, expectativas innovadoras xeradas, resultados reais dos logros acadados e dificultades detectadas, así como os indicadores observables, cumpríronse maioritariamente.

PROPOSTAS DE MELLORA

- ★ Asistir e asesorar ao profesorado na confección de traballos relacionados coas TIC.
- ★ Instalar novo software nos ordenadores, informando e asesorando ao profesorado dos obxectivos e funcionamento de cada un.
- ★ Actualización da páxina web.

8.5. PROXECTO ATRÉVETE

Nesta memoria recollemos o máis destacado das actividades desenvolvidas ao longo do ano dentro do PROGRAMA ATRÉVETE.

Entre os obxectivos desta etapa, salientase que o alumnado debe alcanzar hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, o fomento do espírito emprendedor e empresarial como unha competencia básica que o alumnado terá que desenvolver, ben dun modo transversal ou ben con materias específicas.

Involucramos, polo tanto, nesta iniciativa, a todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal orientador, familias..., e a todos aqueles externos, susceptibles de incidir na cultura do emprendemento e a empresarialidade.

8.6. PLAN DIXITAL

O desenvolvemento do Plan Dixital levouse a cabo durante este curso escolar 2022/2023.

8.7. PLAN PROXECTA

Continuamos un ano máis con gran éxito de participación de toda a Primaria e máis o profesorado, coa realización dos Xoves Olímpicos, nos recreos deste día.

8.8. Programa de formación OBSERVA_ ACCIÓN: desenvolvemento competencial dende á observación e o intercambio entre iguais.

Este ano, levamos a cabo as dúas primeiras fases, tendo previsto participar nas dúas seguintes no vindeiro curso escolar.

PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER CO ALUMNADO PARTICIPANTE DE CARA A CONSEGUIR O OBXECTIVO

Previamente ás visitas elaboramos uns dossiers sobre as empresas de cara a deseñar os cuestionarios de preguntas precisos para preparar cada unha delas.

Unha vez levadas a cabo as visitas, os alumnos, por grupos, realizaron uns breves traballos resumo sobre as mesmas. Tanto nos taboleiros como na páxina web do centro, colgamos as fotografías máis significativas das visitas.

En todos os momentos do proceso tivemos en conta a importancia de reflexionar sobre o que supón para a sociedade o manter e crear un amplo tecido empresarial traballando a (COMPETENCIA DE SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR - CSIEE) e profundizando na importancia da iniciativa, planificación, xestión e valoración persoal do traballo.

- ✓ Visita á empresa PREZERO no polígono do Acevedo- 24/02/2023
- ✓ Visita á piscifactoría de HERMANOS FARIÑA ANDRADE- 24/03/2023
- ✓ Visita ao CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE SOMESO- 5/05/2023

A coordinadora e titora dos cursos 5º e 6º de primaria

Asdo: Silvia Betanzos Tajés

9. PLAN LECTOR

Durante o presente curso desenvolvimos diversas actividades que quedan reflectidas na memoria do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, contando coa máis que necesaria participación das persoas responsables do proxecto de dinamización da biblioteca escolar.

PROPOSTAS DE MELLORA : actualizar o plan lector do centro para dar resposta aos desafíos actuais con respecto á lectura

10. DEPORTE ESCOLAR

Un nutrido grupo de alumnos/as e ex-alumnos/as participaron en diversas *competicións deportivas de atletismo* (fóra da xornada escolar), sendo dirixidos polo mestre de Educación Física José Domínguez Caballero contando, en todo momento, coa importante colaboración de varios pais e nais, acadando uns magníficos resultados dentro do ranking tanto galego coma nacional.

11. SIMULACRO DE AUTOPROTECCIÓN

No presente curso académico non levamos a cabo o simulacro anual de autoprotección dado que o Consorcio Provincial de Bombeiros e o resto de medios para a súa posta en marcha, non realizaron actividades nos centros educativos.

12. XORNAL ESCOLAR

O noso xornal publicouse coa colaboración de todos os membros do Claustro.

No curso actual publicámolo en formato impreso, quedando pendente a publicación na páxina web do centro.

13. SANIDADE

Tivemos as respectivas inspeccións do comedor escolar, tanto por parte do equipo de Sanidade da Consellería, como as relativas ás competencias da farmacéutica do Concello.

Realizáronse tres análises de mostras e de superficies, tal como se recolle no documento de Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos.

Así mesmo, realizáronse, ao longo do curso: a desratización, desinfectación e desinsectación das distintas dependencias do centro escolar, así como as analíticas bacteriolóxicas da auga.

14. PROGRAMA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E FONDO SOLIDARIO

Leváronse a cabo os protocolos do proceso de axudas para a adquisición de libros de texto e materiais curriculares descritos na Orde do 10 de maio de 2023 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria, axudas para material para todo alumnado, en función da renda da unidade familiar, e fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria. O alumnado de 5º e 6º de primaria solicitou solamente a axuda para material, debido á súa incorporación ao proxecto E-DIXGAL para o curso 2023/2024.

15. SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS

15.1. COMEDOR ESCOLAR

15.1.1. DATOS REFERENCIAIS

- ★ **Empresa adxudicataria:** EUREST
- ★ **Usuarios:** 74 comensais.
- ★ **Último contrato:** Setembro de 2019.
- ★ **Pagos:** Os pagos á empresa encargada de servizo realizáronse directamente desde a Dirección Xeral, unha vez asinadas as facturas polo responsable da empresa concesionaria e conformadas polo director do Centro.
- ★ **Persoal:** É importante destacar a eficaz colaboración do persoal da empresa en todas as festas e actividades complementarias e extraescolares. Tamén realizou as comidas de réxime que resultaron necesarias, así como a elaboración de menús especiais para alumnos con intolerancia e/ou alerxias.

15.2. TRANSPORTE ESCOLAR

- ★ LIÑA 1: 22 alumnos.
- ★ LIÑA 2: 07 alumnos.
- ★ LIÑA 3: 19 alumnos.

Non tivemos ningún tipo de incidencia cos respecto ao servizo de transporte, provocado polas empresas. Os indicados no punto referente a incidencias meteorolóxicas desfavorables, solucionáronse cun grao de colaboración óptima por parte das dúas empresas prestadoras do servizo.

16. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE TERCEIRO DE PRIMARIA

Non tivo lugar a convocatoria da mesma por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

17. COLABORACIÓN DO CONCELLO DE CERCEDA

Este curso, como en anos anteriores, o Concello colaborou activamente pola boa marcha do Centro, atendendo as nosas solicitudes e asumindo unha serie de gastos devengados delas:

- ★ Organización e posta en marcha das actividades extraescolares.
- ★ Mantemento e adecuación periódica dos patios interiores (poda,césped...).
- ★ Substitución de diversos cristais interiores e exteriores.
- ★ Agasallos para o alumnado de Educación Infantil e Primaria na festividade do Nadal, Día do Libro.
- ★ Participación nas obras de acondicionamento da aula Postcovid.

18. PROPOSTAS DE MELLORA PARA INCLUIR NA PROGRAMACIÓN DO VINDEIRO CURSO

18.1. EDUCACIÓN INFANTIL

- ★ Contar coa mestra especialista en A.L. máis sesións para atender ás necesidades existentes, xa que algúns alumnos quedaron sen atención por falta de horario dispoñible da mesma.
- ★ Continuar co apoio da mestra especialista de P.T. (debido a posibles necesidades susceptibles de ser tratadas).
- ★ Se é posible nos horarios, contar cos apoios de P.T. e A.L. ás segundas ou ás cuartas horas da mañá.
- ★ Se o funcionamento xeral do centro o permite, ter as especialidades ás últimas horas da xornada (informática, relixión, psicomotricidade e pluriinfantil).
- ★ Manter o presuposto das aulas de 250 € para cada unidade.

18.2. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE.

Para o vindeiro curso e tendo en conta o número de alumnado que precisa de apoio, tanto de AL como de PT no centro, sería necesario contar con mestres

especialistas a tempo completo os 5 días á semana. Isto serviría para acadar unha mellora nos apoios e poder continuar co traballo realizado durante este ano académico.

Outro aspecto a ter en conta é a presenza da orientadora no centro (adscrita co seu centro base noutro centro da zona), a cal soamente asiste ao colexio unha hora, un día a semana. Este feito implica que se produza un atraso na realización das avaliacións e no seguimento do alumnado. É importante, para unha mellora nos apoios, contar cunha presenza máis continua por parte da xefa do Departamento de Orientación e unha maior implicación no día a día do colexio, para favorecer o coñecemento do alumnado.

Por último, para o próximo ano sería necesario reconsiderar a duración das sesións cunha parte do alumnado, especialmente de Infantil, xa que 50 minutos de traballo para nenos de 6 anos fanse demasiado longas e, en moitos casos, improdutivas. É preciso ter en conta as necesidades e características de cada neno e nena e adaptar así a duración das sesións de apoio.

18.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Optimizar a coordinación entre os diferentes equipos coa finalidade de que as actividades a nivel de centro non resulten excesivas. E sobre todo coa ANPA e a principio do curso, para deixar todo o mais atado posible, co fin de alonxarnos da improvisación á que nos fomos sometendo nos dous últimos cursos e que levou a que algúns titores se manifestaran desbordados de tarefas externas ao quefacer diario das súas programacións. Consensuar propostas coas distintas titorías,

co fin de levar a cabo actividades orixinais e non repetitivas, que motiven e impliquen positivamente ao alumnado e as súas familias.

18.4. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

- ✓ Invitar aos alumnos de 6º de primaria a colaborar na biblioteca, dándolle liderado en función da súa implicación
- ✓ Continuar coas mochilas viaxeiras e aínda amplialas con temáticas novas e motivadoras para os alumnos
- ✓ Seguir promovendo a iniciativa da biblioteca humana
- ✓ Aumentar na medida do posible os fondos de atención á diversidade
- ✓ Abrir a biblioteca nos recreos para o alumnado de infantil e primaria
- ✓ Procurar a máxima implicación das familias e do profesorado no fomento da lectura porque fomentar a lectura permite construír con facilidade novo coñecemento. Estamos vendo que este curso a lectura individual non foi tan proveitosa como debería ser. Da a impresión de que o alumnado “pasea “libros da escola á casa e viceversa. Imos ter que poñer en valor as lecturas compartidas
- ✓ Solicitar integrarse no PLAMBE

18.5. PLAN TIC

- ★ Instalar novo software nos ordenadores, informando e asesorando ao profesorado dos obxectivos e funcionamento de cada un.

- ★ Formar ao profesorado no uso de E-DIXGAL e das pantallas interactivas.

- ★ Actualización semanal da páxina web do centro incorporando, especialmente, todo tipo de enlaces educativos clasificados, así como blogs dos distintos cursos.

A PRESENTE MEMORIA FOI INFORMADA POLO CLAUSTRO E APROBADA POLO CONSELLO ESCOLAR NAS XUNTANZAS CELEBRADAS O DÍA 28 DE XUÑO DE 2023

O director e Presidente do Consello Escolar

Asdo.: José Domínguez Caballero